



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grao

Grao en Lingua e literatura galegas

Título en galego

A toponimia maior no concello de Negreira

Título en castelán

La toponimia mayor en el ayuntamiento de Negreira

Título en inglés

Place names in the Negreira council

Curso académico 2013-2014

Autor

Javier Pais Villar

Directora

Ana Isabel Boullón Agrelo



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Traballo de Fin de Grao

Grao en Lingua e literatura galegas

Título en galego

A toponimia maior no concello de Negreira

Título en castelán

La toponimia mayor en el ayuntamiento de Negreira

Título en inglés

Place names in the Negreira council

Curso académico 2013-2014

Autor

Directora

Asdo.: Javier Pais Villar

Asdo.: Ana Isabel Boullón Agrelo

Índice

Introdución	4
Análise da toponimia maior do concello de Negreira	5
Conclusións	57
Bibliografía citada	58

Introdución

No presente Traballo de Fin de Grao vaise tratar de facer un achegamento lingüístico á toponimia maior do concello coruñés de Negreira. Deste xeito, o obxectivo principal desta monografía é o estudo etimolóxico dos topónimos que se empregan neste concello para denominar as distintas entidades de poboación existentes no municipio. O *Nomenclátor de Galicia* (en adiante NG) foi a base que se tomou como referencia para a elaboración deste estudo, pois deste recurso tiráronse os topónimos que se analizaron ao longo deste traballo; aproveitouse tamén o coñecemento da zona para incluír nomes de lugar que designan entidades de poboación deste concello, pero que non foron recolleitos no NG (irán indicados entre parénteses). O número de topónimos que se trataron é de 106, e preséntanse ordenados alfabeticamente.

Para poder cumprir cos propósitos consultaránse diversos tratados sobre toponimia, de entre os que cabe subliñar, pola súa importancia á hora de elaborar esta investigación, os traballos de Joseph M. Piel e Dieter Kremer, Gonzalo Navaza, Edelmiro Bascuas, Abelardo Moralejo Laso ou Juan José Moralejo Álvarez. Tamén se terá moi en conta a presenza dos nomes de lugar na documentación antiga, pois dela obtéñense indicios tanto sobre a cronoloxía dos topónimos como sobre a súa procedencia etimolóxica. O Catastro de Ensenada na súa versión dixitalizada, e o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar* de Pascual Madoz, xunto con outros recursos como o CODOLGA ou a documentación do tomo de Toxos Outos (neste último caso, por proximidade xeográfica), forman parte das fontes empregadas na busca de atestacións antigas de cada topónimo.

Cando sexa necesario incluíranse, amais, aspectos relativos á pronuncia local dos topónimos, pois a toponimia, como parte do léxico que é, vese afectada polos trazos dialectais que caracterizan cada lugar. No caso do concello de Negreira, este concello áchase no bloque occidental, na área fisterrá, e como trazos máis significativos pódense salientar, alén da gheada e o seseo, o singular, masculino e feminino *-án(s)* nas palabras que conteñen terminacións latinas *-ĀNUM*, *-ĀNAM*, *-ĀNŌS* e *-ĀNĀS*, a despalatalización do son fricativo palatal xordo [j] ou o enxordecemento da consoante oclusiva velar sonora [g] do grupo *-ng-*, que pasa a [k] despois da nasal alveolar.

Análise da toponimia maior do concello de Negreira

Abeanca, A

Aldea da parroquia de Logrosa, ás portas da vila de Negreira, capital municipal. Este topónimo maior, único no territorio galego, está situado na confluencia dos ríos Tambre e Barcala. Moralejo Álvarez (2010: 103) ofrece unha posible evolución deste nome de lugar, para o cal propón unha base prerromana *AW(E), entre cuxos significados cita ‘humidade’ e ‘fluír’. Para el, este topónimo debe cualificar terreos caracterizados pola humidade e por seren pantanosos.

Pódese considerar, polo tanto, que este topónimo fai referencia a un terreo caracterizado por ser húmido, unha posibilidade que a súa localización confirmaría, ao estar situada á beira de dous ríos.

Nos *Estudos de toponimia galega*, un volume da Real Academia Galega en que se compilan moitos dos artigos que Nicandro Ares dedicou ao estudo da toponimia, trátase un topónimo semellante, *Abeancos* (Ares 2011: 355), denominación de dúas freguesías do concello de Melide que o estudoso pon en relación co que el chama un “nome étnico” ou xentilicio, que faría referencia a antigas localidades como *Avuanci*, na provincia de Soria; non obstante, esta posibilidade non está contrastada, e polo tanto doulle máis credibilidade á explicación proposta no anterior parágrafo.

En canto á súa presenza na documentación antiga, este topónimo aparece recolleito no Catastro de Ensenada (1753) e no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar* (1845-1850) de Pascual Madoz.

Agrís (2)

No concello de Negreira achamos dúas entidades de poboación que reciben esta denominación, situadas nas parroquias de Campolongo e de Xallas. Segundo o NG só existe en Galicia outro lugar habitado máis con esta denominación, sito en Mazaricos.

Na procura de información que nos achandase o camiño para dar co posible étimo de que procede este topónimo non se atopou ningún dato ao respecto, pois este nome de lugar non foi estudado –nin mencionado sequera– por ningún investigador, de entre os consultados. Unha posible hipótese sería pensar que pode proceder de *Agerici*, xentivo do antropónimo *Agericus* (Piel/Kremer 1976: 65), pois foneticamente é posible, pero non se pode confirmar con certeza que a orixe do topónimo estea

nese nome persoal, pois tampouco se encontraron rexistros en documentación antiga.

(Alvite)

Inda que no NG non aparece recolleito este topónimo como denominador dunha aldea de Negreira, existe un núcleo habitado que recibe esta designación (polo tanto esta situación habería de corrir no NG), e que está situado na parroquia do mesmo nome, emprazada no oeste do termo municipal negreirés.

Joseph Piel e Dieter Kremer recollen no *Hispano-gotisches Namenbuch* (1976: 67) que este topónimo debe proceder dun nome persoal *Alvitus*, que contén unha base AL- 'todo, cada'.

O topónimo atéstase no documento do ano 1329, no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850).

Ameixeiras, As

Lugar da freguesía de Campelo, no centro do termo municipal, e topónimo relativamente estendido polo territorio galego. Trátase dun nome de lugar transparente, ao ser unha palabra que tamén pertence ao léxico común (a *ameixeira* é unha árbore froiteira da familia das rosáceas, cuxo nome científico é *prunus domestica*). Segundo indica Gonzalo Navaza (2006: 50), esta palabra é un derivado de DAMASCENA OU (D)AMASCENA (con aférese da inicial), 'ameixa', palabra á que se lle engadiu o sufixo -ARIA (que evolucionou de xeito normal até o -eira do galego de hoxe), dando nome á árbore que produce ameixas. *As Ameixeiras* fará referencia, entón, a un lugar en que abundan –ou abundaban– estas árbores froiteiras.

Neste topónimo cabe destacar un trazo fonético que se atopa relativamente concentrado no territorio que se está a estudar, e que caracteriza a fala da contorna: a despalatalización do son fricativo palatal xordo [ʃ], que pasa a ter unha realización fricativa predorsal xorda [s] nesta zona: [as amej'sejras]. Este é un fenómeno que se presenta esporadicamente en falas con seseo predorsal, como é o caso da bisbarra de Negreira, mais neste concello a despalatalización é practicamente xeral entre a poboación galegofalante oriúnda deste municipio, segundo se ten constatado polo coñecemento que se ten do galego falado na comarca citada.

Na documentación antiga encontramos citado este topónimo no Catastro de Ensenada (1753) e no

dicionario de Madoz (década de 1840).

Areira, A

Entidade de poboación situada nos arrabaldes da capital municipal, en cuxo núcleo está practicamente integrada hoxe en día, mais conservando inda certo carácter diferenciado (e malia pertencer á veciña parroquia de Santa Eulalia de Logrosa). Este topónimo alude quizabes a un lugar onde se acumulase area, ou, máis ben, ás características do terreo da zona; non é doado optar por unha explicación que sexa contundentemente aplicable en casos coma este.

O que si se pode dicir é que *areira* é un derivado de *area*, palabra procedente do latín *HĀRĒNA* ou *ĀRĒNA*, un termo con idéntico significado ao actual. Á voz *area* xuntóuselle un sufixo abundancial (polo tanto, que indica gran cantidade de algo) *-eira*, que evolucionou desde o latín *-ARIA* seguindo as pautas de evolución esperables.

Pódese engadir que na fala local este topónimo é pronunciado [a ari'ejra]. Nos textos antigos que se consultaron non se atopou ningunha mención deste topónimo.

Aro

Aldea da parroquia homónima, situada na parte central deste concello. No territorio galego, segundo se tira do NG, só hai un caso máis no municipio de Ortigueira (pero con artigo: *O Aro*) e outro no de Alfoz (*Rego do Aro*, que xa non é exactamente igual ca *Aro* aparecido individualmente), e que poderían ter unha orixe semellante. Elixio Rivas (1982: 109) sinala que este topónimo pode vir do preindoeuropeo *ARA-* ‘val’, que á súa vez derivaría da posible raíz **AR-* ‘auga’, ‘auga corrente’. Neste caso, ao estar esta entidade de poboación circundada por terras bastante chairas, posiblemente *Aro* haxa que relacionalo con esa significación de ‘val’; o feito de que pase pola contorna da aldea un regueiro, que no inverno leva certo caudal, axuda a apoiar esta hipótese que se remonta á raíz **AR-* ‘auga’.

Edelmiro Bascuas (2002: 23) tamén realiza unha análise deste topónimo. Para el, e recollendo as palabras de Coromines, *Aro* podería estar *a priori* relacionado co latín *ARVUM* ‘campo de sementeira’ ‘chaira’; ‘ribeira, beira’, porén, un pouco máis adiante (Bascuas 2002: 24) nega esta posibilidade aludindo a que outro topónimo próximo na forma, *Ario*, quedaría sen explicar desta maneira, pois non podería proceder de *ARVUM*. O autor acaba concluíndo que a idea orixinaria de *Aro* é ‘río’.

Na documentación antiga aparece recolleito *Sam Vicenço d' Aaro*, en referencia ao nome completo da parroquia (testamento do ano 1334 conservado no tomo de Toxos Outos); xa máis adiante achamos no Catastro de Ensenada (1753) *San Vicente de Aro*, e no século XIX Pascual Madoz cita este lugar no seu dicionario xeográfico.

Babión

Piel e Kremer (1976: 94) suxiren para este topónimo, que designa unha entidade de poboación da parroquia de Bugallido –e é único en Galicia–, unha posible etimoloxía xermánica, a partir dun nome persoal *Babilo*, que contén no seu interior unha raíz *BAB-*, probable forma hipocorística gótica. Partindo da raíz, engadiríase un sufixo *-ILO*, que neste caso é masculino (cando, normalmente, a terminación en *-o* se usa para nomes femininos). É un topónimo de posesor, é dicir, o topónimo forxouse a partir do nome dun anterior posuidor do lugar que se nomea, ou simplemente procede dun antigo nome persoal.

No tocante á súa presenza en textos antigos, o único *Babión* que atopamos citado está recolleito no dicionario xeográfico que elaborou Pascual Madoz (1845-1850).

Barbazán

Lugar da parroquia de Lueiro, no extremo sur do municipio de Negreira, situado nas proximidades do leito do río Tambre. O NG dinos que este é un topónimo único en toda Galicia.

Para autores como Elixio Rivas, quen non tratou o topónimo directamente pero si outros que el considera que están relacionados con este *Barbazán*, a forma toponímica contén unha partícula precéltica que, como tamén el mesmo recalca (1982: 28), se estende por topónimos de toda a Europa occidental. En *Barbazán* áchase esa raíz *BAR-* ‘altura’ (Rivas 1982: 26), que aparecería reforzada cun *-B-* que achegaría, segundo ese mesmo autor, a idea de ‘monte’ (1982: 28). Esta postura podería aplicarse a este lugar pola situación xeográfica en que se atopa, entre unha zona de monte certamente elevada e unha forte pendente que cae bruscamente cara ao río Tambre. Precisamente esta última característica, o importante desnivel, tamén puido verse reflectida neste topónimo, pois o mesmo Elixio Rivas (1982: 113) indica que a raíz *BAR-* pode ter o significado de ‘auga’ ou ‘marxe de río’ (inda que non relaciona esta interpretación co topónimo *Barbazán* nin con ningún outro dos que tratara en páxinas precedentes), e por estas terras discorre parte do río Corzán,

que baixa encaixado entre barrancos, en forma dunha pronunciada ferverza, até que vai morrer no Tambre, salvando unha pendente considerable.

Para Fernando Cabeza Quiles, quen tampouco lle dedica un estudo a este topónimo en concreto mais pono en relación con algúns dos que el trata, en *Barbazán* atopamos unha partícula *BAR-, que para el se pode interpretar coa significación de ‘depresión, costa, desnivel’ (Cabeza 2008: 93). O mesmo autor achega unha posible hipótese máis, cando pon en relación este topónimo e outros similares «como procedentes do indoeuropeo *BHERH^w ‘brotar, fluír, ferver’, en alusión a posibles ferverzas ou rápidos dos ríos que nomean» (Cabeza 2008: 94).

Polas características que ofrece o lugar nomeado con este topónimo quizais non se podería optar exclusivamente por unha das vías ofrecidas na exposición anteposta para explicar a forma *Barbazán*, senón que cada enfoque semella ter os seus acertos e os seus puntos máis fracos.

Este topónimo cita Madoz no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* (1845-1850), e aparece como apelido no Catastro de Ensenada (1753).

Barca, A

Segundo o NG esta é unha entidade de poboación adscrita á freguesía de Logrosa. Nesta parroquia, en efecto, hai unha entidade que se supón que recibe este nome (mesmo hai un letreiro que o indica); non obstante, e até onde se ten constatado, este lugar é coñecido por todas e todos como *A Barquiña*. Cando se comezou a traballar con este topónimo pensábase que a forma correcta era, xaora, *A Barquiña*, por ser a que se escoitou de sempre; porén, batemos co Catastro de Ensenada (1753) e co dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850), onde se cita (*A*) *Barca*.

Sexa *A Barca* ou *A Barquiña*, presúmese que a orixe etimolóxica destes topónimos será semellante. Para Cabeza Quiles (o único investigador, de entre a bibliografía consultada, que tratou este topónimo), *A Barca* pode referirse a un lugar en que se pasaba o río dunha beira á outra sobre unha barca (Cabeza 1992: 338), e *A Barquiña* constituiría «un diminutivo afectivo-popular» (Cabeza 1992: 339) desa forma *A Barca*. Nunha obra posterior, o mesmo autor matiza esta hipótese, e indica que o topónimo (*A*) *Barca* podería ter, alén deste sentido que acaba de indicar (e que segue a manter), o significado de «depresión de terreo en forma de barca, barqueta ou caixa orográfica» (Cabeza 2008: 99), algo que é aplicable aos nomes de lugar do tipo *Barco* ou *O Barco*.

Para este caso concreto, no lugar que chamamos *A Barquiña* a primeira das conxecturas que se propoñen sería aplicable, desde o punto de vista da fisionomía do lugar en cuestión, pois *A Barquiña/A Barca* é unha aldea situada onda o río Tambre; de feito, o Catastro de Ensenada (1753) alude á existencia dun servizo de pasaxe dunha beira á outra.

Bellalta

Arredor deste topónimo *Bellalta*, que designa unha entidade de poboación da parroquia de Liñaio, non se achou na bibliografía consultada ningún autor ou autora que o tratase. É un nome de lugar único en Galicia. Nos documentos antigos recóllese *Bellalta* no dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850).

Borreiros

Lugar da parroquia de Logrosa, moi próximo á capital municipal. Gonzalo Navaza tratou nun traballo seu este topónimo, pero referido a unha entidade de poboación do concello pontevedrés de Catoira. Navaza (2007: 68) considera que *Borreiros* «contén un derivado de *borra* ‘sedimento, pouso’»; indica tamén nese mesmo artigo que este topónimo pode facer referencia á composición ou constitución do terreo do lugar, «cando este [o terreo] contén sedimentos achegados naturalmente por un curso fluvial» (Navaza 2007: 68), unha posibilidade que aquí si se podería aplicar, debido ao feito de que este lugar está emprazado nunha zona moi próxima a varios ríos. O mesmo autor tamén sinala outra posible significación deste nome *Borreiros*, que é a da presenza de sedimentos ou restos producidos pola acción humana, quizais pola queima de rastrollos (no dicionario achamos a palabra *borrea*, ‘morea de terróns e maleza que se queiman para aproveitar a cinsa como fertilizante’, á que tamén alude autor xa citado). En todo caso, esta hipótese tamén sería posible. Gonzalo Navaza di que a orixe desta palabra é prerromana.

Nicandro Ares tamén recolleu nun seu artigo este topónimo, e apunta a que «*Borreiros* sería traficantes de borra, BURRA en latín» (2011: 505). Pénsase que aquí se está a facer alusión a outra das acepcións do substantivo *borra*, ‘parte menos fina da la e da seda’, que é o significado que parece que tiña orixinariamente a palabra. Esta posibilidade parece peor encamiñada que a ofrecida por Navaza para o topónimo *Borreiros*.

Non se acharon documentos antigos (cando menos entre os que se puideron consultar) que referisen

o topónimo.

Braña, A

Pequena entidade de poboación adscrita á freguesía de Aro. Ao parecer, a voz da que procede esta forma toponímica –abondosa en Galicia, e máis inda na microtoponimia– ten unha etimoloxía discutida.

Gonzalo Navaza indica (2007: 114) que hai autores –dos que non dá o nome– para os que este termo tería unha orixe prerromana; non obstante, outros vinculan *braña* cun latín vulgar VERANĒA, «derivado de *verán*, por designar paraxes que manteñen a humidade durante o verán e poden ser empregados para apacentar o gando» (Navaza 2007: 114).

Un dos que parece inclinarse pola primeira das hipóteses ofrecidas é Elixio Rivas, quen sinala esa orixe prerromana desta palabra, na análise que fai dun topónimo *O Brañal* localizado en Marín. Rivas mesmo ofrece unha evolución posible:

«Observando el paralelismo con *barcia*, *barxa*, *beira*, etc., creo que puedo proponer la base precélt. *BAR ‘agua’ > *bara*, *baria* ‘margen de río’ > *BAR-ANEA ‘sitio encharcado > *branea*; o [achega outra evolución que cre tamén probable] *BÁR-ACU (galo *bracu*) *BAR-AK-NEA + *BRAKNEA > *branea*» (Rivas 1982: 119).

Esta teoría de Rivas, que enlaza o vocábulo *braña* cunha orixe prerromana, parece ter bastante sentido, de se cumpiren os pasos que ofrece na evolución do termo, pois na maioría dos lugares de Galicia unha *braña* é un ‘terreo con moita humidade’. A segunda das liñas polas que hai quen opta para explicar este topónimo quizais non teña tanta representatividade (ou non sexa tan doadamente aplicable) en Galicia, mais si na zona de Asturias (o propio Elixio Rivas indícao, 1982: 119), onde seica hai unha maior presenza de pasteiros que se reservan especificamente para o verán, precisamente por seren moi húmidos, polo que se fai uso deles cando chega a calor e o pasto escasea en terreos máis secos.

Non se pode optar categoricamente nin por unha nin por outra teoría, mais semella que para o caso galego esta palabra é empregada maioritariamente para designar un terreo ou un lugar húmido, polo que a primeira das hipóteses ofrecidas estaría máis acertada neste caso.

O topónimo cítalo Madoz no seu dicionario xeográfico (1845-1850).

Broño

Entidade de poboación pertencente á parroquia homónima, situada nos lindeiros co veciño concello da Baña. Existen outras dúas localidades máis (NG) que reciben esta denominación, todas elas na provincia da Coruña, pero só no concello de Negreira existe tamén unha freguesía con este nome.

Para Moralejo Álvarez este é un topónimo quizais prerromano, que proviría dun posible antropónimo céltico *Vironius* (Moralejo Álvarez 2011: 258). O profesor indica tamén que, para outros autores, a súa orixe podería ser latina, mais el xúlgo prelatino, e sinala tamén que inda cabería a posibilidade de que o topónimo *Broño* derivase de **Baronius* (Moralejo Álvarez 2011: 260), inda que non deixa claro de onde vén esta forma.

Pódese subliñar que na pronuncia deste topónimo (cando menos no propio lugar de *Broño* e nos seus arredores) o primeiro <o> é aberto: [ˈbrɔɲo].

Na documentación antiga atopamos unha manda testamentaria no tomo de Toxos Outos do ano 1155 en que se recolle a forma *Braonio*, que pode ter relación con esta freguesía de *Broño*. Nun documento algo posterior, do ano 1231, tamén tirado do tomo citado, aparece a forma *Broonio*, e no 1334 achamos nun testamento *Sam Martino de Broona*. No Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850) tamén se rexistra.

Bugallido

Parroquia e lugar da mesma, na parte norte de Negreira. No veciño concello de Ames hai unha freguesía con idéntico nome (e incluso con igual advocación relixiosa). A etimoloxía deste topónimo é bastante transparente, e segundo tiramos de Gonzalo Navaza (2006: 114) este nome de lugar deriva de *bugallo* ‘excrecencia arredondada que se forma en certos vexetais debido á infestación de insectos parasitos’; Navaza advirte que con *bugallo* tamén se pode facer, quizais, referencia a outras especies vexetais, non obstante a acepción máis común da palabra é a que ten que ver con esa carnosidade do carballo.

Bugallido constitúe un derivado de *bugallo* por medio do sufixo *-ido*, o que probablemente indica ‘abundancia de bugallos’. A orixe desta voz é descoñecida, mais semella propia do galego, do portugués e do leonés (Hermo 2013: 59), e existen varias propostas etimolóxicas diferentes, segundo indica tamén Gonzalo Navaza (2006: 112), e se cadra non moi acertadas. Hai estudosos

como Coromines que propoñen unha etimoloxía prerromana a partir de *BULLĀCĀ, mentres que outros (Menéndez Pidal, Elixio Rivas) prefiren optar por unha orixe latina.

En canto á presenza deste topónimo nos documentos antigos conservados, temos que citar cando menos o Catastro de Ensenada (1753) e o dicionario de Madoz (1845-1850).

Camiño Real, O

Entidade de poboación da parroquia de Aro. Trátase dun nome de lugar transparente, que denota a existencia dun antigo camiño real que cruzaría por alí ou pola contorna máis inmediata, como así parece ser, en efecto. Segundo se tira do Catastro de Ensenada (1753), esa vía levaba de Santiago a Corcubión; inda na actualidade a ruta segue a ser empregada por peregrinos que, após a súa chegada a Compostela, continúan até Fisterra.

Malia que poida parecer o contrario, segundo o NG este topónimo non é moi frecuente no territorio galego, pois só catro lugares reciben este nome, pero si é abondoso como odotopónimo (nome de vía de comunicación). Cítase, como xa se sinalou, no Catastro de Ensenada.

Campolongo

Freguesía e entidade de poboación situada no extremo oeste do termo municipal negreirés. *Campolongo* constitúe outro topónimo transparente, pois o seu significado parece doadamente deducible, inda que tamén podería estar suxeito a diferentes interpretacións; mais, en principio, este nome de lugar –e, neste caso, de parroquia asemade, como xa se indicou– fai alusión á existencia dun *campo* (‘terreo cultivable’, ‘campía, en oposición a serra ou monte’, palabra proveniente do latín *CAMPUS* ‘chan, chaira, campo’, ‘planicie non cultivada’) ou dun conxunto de *campos* cuxa característica principal é a súa amplitude, a lonxitude sobresaliente ou a grande extensión, ideas que achega o adxectivo *longo* (do latín *LONGUS* ‘longo’).

Na documentación antiga o Catastro de Ensenada (1753) alude á existencia desta parroquia, e tamén o dicionario de Madoz (1845-1850).

A pronuncia local deste topónimo é [kampo’lonko]: a consoante oclusiva velar sonora do grupo *-ng-* enxordece e pasa a [k] despois da nasal alveolar [n], un trazo perceptible nos falantes tradicionais deste concello e tamén noutras zonas do occidente da provincia da Coruña e Pontevedra.

Campos

Entidade de poboación da parroquia de Negreira, que co paso dos anos xa se converteu nun barrio (case) plenamente inserido no núcleo de Negreira.

Estamos perante outro caso de topónimo transparente, pois está formado por unha palabra do léxico común, o substantivo *campo* en plural. Como xa se sinalou noutro punto deste mesmo traballo (nas liñas dedicadas ao topónimo *Campolongo*), *campo* procede do latín *CAMPUS*, e, segundo se tira de Gonzalo Navaza (2007: 53), «O substantivo *campo* [...] ten en galego múltiples acepcións; na toponimia designa en xeral un espazo aberto e amplo, en ocasións de uso público». Tamén pode facer referencia a unha zona con tendencia a ser chá.

Pascual Madoz, no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* (1845-1850), cita este lugar.

Cancelo, O

Aldea da freguesía de Covas. Este parece ser un topónimo transparente, pois está formado por unha palabra do léxico común, *cancelo* ‘cancela pequena’. Pola súa definición vemos que é un derivado de *cancela*, voz que vén dunha forma feminizada do latín tardío *CANCELLU* ‘reixa’, que á súa vez debe provir de *CANCELLI*, un substantivo con só número plural que significaba tamén ‘reixa, balaustrada’.

Descoñécese a motivación deste nome de lugar; se cadra, existía alí algún cancelo que impedía o tránsito, ou que o facilitaba por algún tipo de paso. Non obstante, isto son só especulacións sen base científica.

Este lugar cita Madoz no seu dicionario xeográfico (1845-1850).

Casa de Antelo

Pequena aldea que pertence á parroquia de Broño. Este lugar, que só está constituído por un pequeno pazo, recibe o seu nome do que foi o seu fundador, un tal Martín de Antelo, cuxa ascendencia procedía de terras noiesas¹, segundo apunta Amancio Liñares (1999: 47). A data aproximada de fundación deste casal é o ano 1600.

¹ De feito, no concello de Noia achamos o topónimo *Antelo*, lugar da freguesía de Boa, e punto do que debe proceder este apelido, que hoxe se concentra, fundamentalmente, polo oeste da provincia da Coruña (comarcas de Xallas, Terra de Soneira e A Barcala).

No Catastro de Ensenada faise alusión á existencia desta casa señorial, pero non no dicionario de Madoz.

Casal do Mato

Lugar da parroquia de Bugallido, na parte norte do concello. No NG atopamos polo menos outras tres entidades de poboación repartidas polo territorio galego con idéntico nome a esta.

O primeiro elemento deste topónimo fai referencia a un *casal*, ‘casa labrega’, ‘conxunto de casas que forman un grupo, no campo ou dentro dun núcleo de poboación’, palabra que procede do latín *CASĀLE* ‘quinta’ e que é abundosa na nosa toponimia. En canto a *Mato*, Gonzalo Navaza (2006: 336) apunta a que na toponimia esta voz debe adquirir o significado de ‘bosque’ ou tamén «“matorral, sitio cubierto de matas, arbustos, helechos, etc.”, “terreno inculto lleno de malezas” e “Breñal, tojal, monte en que abundan las breñas”» (Navaza 2006: 333, texto que recolle do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez). Dedúcese desta forma toponímica que fai alusión a un conxunto de vivendas situadas nas inmediacións dun terreo boscoso ou pouco fértil para o seu cultivo. A orixe de *mato* é a raíz prerromana **MATT-* ‘vexetación’ (Navaza 2007: 90).

Pascual Madoz cita no dicionario xeográfico que elaborou (1845-1850).

Castelán

Entidade de poboación situada na freguesía de Campolongo. Este topónimo suxírenos a idea, quizais, de que os primeiros poboadores do lugar desprazáronse ou emigraron até el procedentes doutro punto e estabelecéronse alí, tal e como acontece con outros topónimos galegos do estilo de *Sarreaus*, *Cumbráns* ou *Toldaos*, por exemplo. Para o caso que agora nos ocupa, a *Castelán* deberon chegar xentes procedentes de Castela, un antigo topónimo da provincia de Ourense (Cabeza 2008: 164) que a día de hoxe non se pode localizar en ningún lugar concreto e que, ao parecer, constituía un arcediagado. É menos probable que teña que ver coa terra de Castela que outrora constituíu un importante reino na meseta peninsular. Aquí atopamos este topónimo en singular, porén noutros puntos de Galicia aparece en plural (concellos de Calvos de Randín, Vilar de Santos –en Ourense–, A Pobra do Brollón –Lugo– ou Covelo –Pontevedra–), o que é unha obxección importante para ser un topónimo de repoboación. En todo caso, en canto á etimoloxía o termo *castelán* parece que procede do latín **CASTELLĀNOS* (Cabeza 2008: 396) ‘dun castelo’.

Cómpre sinalar que este *Castelán* está bastante separado xeograficamente dos outros catro topónimos galegos *Castelán(s)* ou *Castelaus* e da área á que, supostamente, se cinguiría esa *Castela* ourensá que hoxe non existe (para Cabeza Quiles podería situarse, aproximadamente, pola que na actualidade é a comarca do Ribeiro). Este é un feito que, se cadra, pode ir en contra da teoría proposta; non obstante, en Galicia hai máis topónimos deste tipo en que a distancia entre o punto de orixe das persoas desprazadas e o lugar de destino desas xentes, cuxo xentilicio se lle aplicou ao lugar que poboaron, é moito maior ca neste caso que estamos a expoñer aquí, como os diferentes exemplos de *Cumbráns* / *Cumbraos* repartidos polo territorio galego, que nos remiten á cidade portuguesa de Coimbra.

O topónimo cita Pascual Madoz no seu dicionario xeográfico (1845-1850).

Chancela, A

Aldea da parroquia de Logrosa. Estamos perante un topónimo transparente, que deriva dun substantivo común, *chancela*, ‘grande extensión de terreo chan ou con poucas ondulacións’, o que nos vén indicar que o topónimo denomina un lugar caracterizado por ser chairo ou plano, como xa a propia definición do dicionario indica.

Á palabra base *chan* (do latín *PLANU* ‘chan, plano’) aplícaselle o sufixo diminutivo *-ela*, *-ella* en latín, segundo sinala Nicandro Ares (2011: 593).

Na documentación antiga recolleemos este topónimo no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (1845-1850), no cal se distinguen dous núcleo de poboación: *Chancela de Abajo* e *Chancela de Arriba*.

Cornado, O

Lugar da freguesía de Bugallido. Este topónimo é, segundo tiramos de varios autores, un derivado do latín *CORŌNA* ‘coroa, grilanda, diadema’, ‘círculo, asemblea, reunión’, ‘cordón de tropas, liña de soldados’, ‘circuíto; halo’. Así o asegura Gonzalo Navaza (2006: 225), quen nega a relación deste topónimo con outros de forma similar como *Corneda*, *Cornido* ou *Cornide*, e sinala tamén que hai que considerar que estamos por ante un orotopónimo, ou o que é o mesmo, este nome de lugar fai referencia a unha característica do relevo; neste caso pódese deducir que o topónimo alude a unha elevación do terreo neste lugar (un dos significados –inda que figurado– da palabra *coroa* é ‘cima

dun outeiro ou doutra altura illada’)

Nicandro Ares (2011: 639) xulga que (*O Cornado* «pode vir do nome persoal *Coronatus*», pero esta hipótese hai que refutala, posto que os nomes persoais latinos case sempre proceden do xenitivo.

O lugar aparece recolleito no dicionario de Madoz (1845-1850).

Corpachón

Barrio da parroquia de Negreira, que constitúe un dos alfoces da capital municipal. Na bibliografía consultada non se achou información acerca de onde podería estar a orixe deste topónimo, que é único en Galicia.

O que si se pode sinalar deste topónimo é que, en contra do que se recolle no NG, debería levar artigo, se se quere respectar a fala local e a forma tradicional: *O Corpachón*.

Cotón, O (2)

No concello de Negreira achamos dúas entidades de poboación que reciben esta denominación: unha, emprazada na parroquia de Campolongo, ao oeste do termo municipal, xa nos lindeiros cos concellos veciños de Outes e Mazaricos; a outra, situada na freguesía de Negreira, plenamente integrada no núcleo urbano da vila negreiresa, constituíndo máis ben un barrio da capital do concello. Até non hai moitos anos este segundo *O Cotón* podería ser considerado como o “centro” da vila de Negreira, pois nas súas inmediacións era onde se levaban a cabo a maior parte das actividades comerciais até que o núcleo de Negreira comezou a expandirse cara a outras zonas (quizais partindo deste asentamento orixinario); de feito, moita xente maior inda di que vai “ao Cotón” para referirse a que vai a Negreira. Alí sitúase o Pazo do Cotón, unha construción cuxas orixes se remontan á Idade Media.

Juan José Moralejo Álvarez sinala en varios dos seus traballos (por exemplo en Moralejo Álvarez 2007: 285) que a palabra *coto* (a cuxa familia tamén pertence *cotón*, como subliña Moralejo Laso en 1977: 29) ten unha orixe prelatina, cun importante rendemento toponímico, algo comprobable na toponimia maior e na microtoponimia.

Elixio Rivas (1982: 58) asocia a voz *cotón* co significado de ‘montaña’. O mesmo autor sinala que

vén dunha base prerromana *COTT «‘muñón, prominencia’» (Rivas 1982: 58). Unhas liñas máis adiante expón que outros importantes lingüistas e filólogos como Menéndez Pidal, Piel ou Meyer-Lübke tamén consideran, ao igual ca el mesmo ou o xa citado Moralejo Álvarez, que as palabras desta familia son de xénese prelatina. A mesma idea da orixe prerromana é achegada por Gonzalo Navaza (2007: 91), quen tamén proporciona os significados de «‘elevación ou prominencia no terreo’, ‘monte, outeiro’, ‘punto máis alto dun monte ou outeiro’».

Para o caso que agora nos interesa, o segundo *O Cotón*, o que fai referencia a un barrio da vila de Negreira, dá a impresión de que non constitúe un outeiro ou un punto elevado, inda que *O Cotón* si que se acha nunha zona máis elevada con respecto aos ríos Tambre ou Barcala que pasan polas proximidades.

No diccionario xeográfico de Madoz (1845-1850) alúdese ao *Cotón* de Campolongo pero non ao da parroquia de Negreira.

Couso de Abaixo e Couso de Arriba

Couso de Abaixo e *Couso de Arriba* son dous lugares da parroquia de Campolongo. De entre a bibliografía consultada, só Fernando Cabeza Quiles tratou este topónimo nun seu traballo de estudo da toponimia, onde xulga (Cabeza 2008: 226) que o topónimo *Couso* vén

«da palabra latina CAPSUS ou CAPSUM, ‘caixa’, ‘caixón’, vocábulo que no momento da creación do topónimo debeu ser aplicado a terreos ou depresións orográficas que semellaban e recordaban caixóns, caixas, depósitos ou recipientes domésticos».

Cinguímonos de novo ás palabras de Cabeza Quiles para explicar a evolución que sufriu esta palabra (que, por certo, tamén pertence ao léxico común con diversos significados, entre os que están ‘compartimento dunha arca’ ou ‘leira pequena, cerrada’):

«[...] aínda que normalmente o grupo latino *-ps-* de (CAPSUS) adoita dar *s* (como en CAMPSARE > *cansar* etc.), tamén existe a evolución de *-ps-* a *ix* (como en CAPSA > *caixa* ou CAPSU > *queixo*) e a *ou*, como en (CAPSELLU > *couselo*), por equivalencia do grupo *-ps-* co de *-ks-* en canto a vocalizar a súa primeira consoante» (Cabeza 2008: 226).

O mesmo autor sinala que estes lugares están situados en zonas deprimidas (polo menos os que el viu *in situ*, entre os que están os dous pertencentes á freguesía de Campolongo, segundo indica),

formando caixas orográficas, como é aquí o caso de *Couso de Abaixo* e *Couso de Arriba*.

Os adxectivos *Arriba* e *Abaixo* nestes topónimos son empregados como determinantes situacionais dos lugares: un está a maior altitude ca o outro.

Pódese citar, sobre a pronuncia de *Couso de Abaixo*, un fenómeno fonético dialectal característico da zona que se está a estudar, a despalatalización do [j] na palabra *Abaixo*, un trazo que xa se explicou anteriormente neste mesmo traballo (ver s.v. *As Ameixeiras*).

Covas

Lugar e parroquia do concello de Negreira, próxima á capital municipal. A orixe da palabra *cova*, que deu lugar a este topónimo, hai que ir buscala, segundo subliña Gonzalo Navaza (2007: 65), a unha forma do latín hispánico *cōva*. Para Coromines/Pascual (DCECH v. II, 1980: 282) a palabra *cova* tamén procede do latín vulgar *COVA* ‘oca’, que segundo indican é un feminino do adxectivo *co(v)us*, unha variante arcaica de *CAVUS* ‘oco’.

Navaza tamén indica que este substantivo designa na toponimia calquera concavidade orográfica, non apenas furnas ou cavernas; cando se emprega como adxectivo (que non é aquí o caso), para el adoita aplicarse para lugares situados en depresións do terreo.

Temos rexistros deste topónimo no Catastro de Ensenada (1753) e no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz (1845-1850).

Curxido

Entidade de poboación da freguesía de Liñaio. Na procura do significado deste nome de lugar, único no territorio galego segundo o NG, as hipóteses polas que se pode optar son varias.

Podemos pensar que nesta forma se produciu un fenómeno de vacilación vocálica a causa da pronuncia popular, como ocorre en máis dunha ocasión na toponimia galega (en Ferreiro 1997:49 achamos algúns casos máis que exemplifican este fenómeno). Se nos decantamos por esta vía, é posible sospeitar que *Curxido* pode ter relación co substantivo *curuxa* (procedente do latín **CORUGIA*), pola similitude formal entre a voz que designa unha ave nocturna e este topónimo, a cuxa raíz se lle engadiría un sufixo *-ido* (no latín, *-ITUS*) que sinalaría a abundancia deste animal nese lugar. A pronuncia popular puido facer que dun hipotético **Curuxido* (un topónimo posible, pois

rexístrase no concello da Laracha, na provincia da Coruña) se pasase a *Curxido* por síncope vocálica.

Outra alternativa que se contempla é que, seguindo as indicacións de Elixio Rivas (1982: 57) para outros nomes de lugar similares como *Cruxeiras*, este topónimo pode proceder dunha raíz preindoeuropea *KOR- ‘rocha, monte’, que fai referencia a lugares altos e/ou rochosos.

Se optamos pola primeira vía das propostas até agora, a que xulga *Curxido* como un derivado de *curuxa*, tamén é posible, como indica Gonzalo Navaza (2007: 142-143), interpretar que o substantivo *curuxa* fose ou sexa empregado cun sentido metafórico (como así sucede noutros casos na toponimia), para designar lugares de difícil acceso ou agochados, ao igual que fan as curuxas, que só fan vida de noite.

Paulo Martínez Lema recolle (2010: 324) a posibilidade de que topónimos que, en aparencia, están conectados con *curuxa*, realmente procedan dunha forma *CORRUGIA, relacionada co latín hispánico *CORRŪGŪ ‘canle de auga’.

Madoz (1845-1850) cita este topónimo como *Crujido*.

Devesa, A

Lugar da parroquia de Arzón, na parte sur do concello negreirés. Gonzalo Navaza (2006: 230) indica que este topónimo procede do latín tardío DEFENSA, participio do verbo DEFENDERE, cuxo significado é ‘prohibir’; e é que as devesas constitúen normalmente terreos arborados e arrodeados de muros ou valados, de aí esa idea de prohibición. O dicionario corrobora esta imaxe, pois define *devesa* como un ‘terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado’.

Trátase dun nome de lugar moi estendido por Galicia, tanto na toponimia maior como, inda máis, na microtoponimia. Non se atopou citado en documentos antigos.

Espesedo

Aldea da parroquia de Bugallido, no norte do termo municipal negreirés. Unicamente hai outra entidade de poboación que reciba esta denominación en Galicia, segundo o NG, e que está situada no concello da Baña, non moi separada xeograficamente deste *Espesedo* de Negreira.

Non se achou ningunha información ou hipótese acerca da orixe deste topónimo, que, polo visto, parece en exclusiva barcalés; na documentación antiga só o cita Madoz (1845-1850).

Farrapa, A

Lugar da parroquia de Bugallido. O NG apenas recolle dúas localidades máis que reciben este nome, inda que hai moitas outras con nomes parecidos (*A Esfarrapada*, por exemplo). É este outro dos casos dos que non se encontrou ningún tipo de referencia na bibliografía dispoñible, polo que non é posible proporcionar datos fidedignos acerca deste nome de lugar.

No dicionario de Pascual Madoz (1845-1850) recóllese un topónimo *Esfarrapa* pertencente a esta freguesía de Bugallido.

Feáns

Aldea da parroquia de Broño. A orixe deste topónimo semella que está bastante clara entre os diversos autores consultados, pois todos sinalan que esta voz procede do latín *FĒNU* ou *FĒNU* ‘feo’, unha palabra que se utiliza para designar un tipo de planta gramínea que se emprega como forraxe para o gando, e tamén pode ser, en xeral, a herba seca e segada que se lle dá aos animais como alimento. Concretamente, *Feáns* vén de *FĒNALES*, o plural do étimo xa sinalado (Navaza 2006: 258), e que nos fai deducir que no pasado as extensións de terra poboadas con esta planta debían ser importantes nese emprazamento.

Na documentación antiga achamos que recollen este topónimo tanto o Catastro de Ensenada (1753) coma o dicionario de Pascual Madoz elaborado un século despois.

En canto a este topónimo pódese engadir que está moi estendida a pronuncia [fj’ans] pola zona estudada.

Fontán

Entidade de poboación adscrita á freguesía de Logrosa. Topónimo estendido por toda Galicia (quer rematado en *-ao*: *Fontao*, quer en *-án*, como é aquí o caso), que procede dun latín *FONTANU*, un derivado de *FONS* ‘fonte, manancial’. Abelardo Moralejo, un dos estudosos que recolle esta orixe etimolóxica nun dos seus traballos, tamén indica (1977:86) que existiu un sobrenome latino *Fontanus*, que el cre que só se rexistra na península ibérica (ese sobrenome foi recolleito por

Kajanto en 1982: 308), e do que se podería pensar que puido ser a orixe desta forma toponímica; non obstante, para Moralejo Laso o que ocorreu, máis ben, foi que o FONTANU latino debeu facerse palabra de uso corrente xa no latín tardío e logo no romance galego, como equivalente de FONNS, para nomear tamén calquera manancial de auga, e desa palabra do léxico común acabaría xerándose o topónimo.

Este lugar aparece mencionado no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850).

Fontemirón

Pequena aldea da parroquia de Portor, emprazada nun punto lindeiro co concello da Baña. Este topónimo, único en Galicia, parece suxerir, pola súa forma, que está composto por dous elementos: o substantivo *fonte*, que, como xa se pode intuír polo visto anteriormente neste mesmo traballo (sección dedicada ao topónimo *Fontán*), provén dun latín FONNS, con idéntico significado ao actual; e *Mirón*, un nome persoal frecuente durante o reino suevo de Galicia e que procede do antropónimo *Mironi*, de orixe xermánica (Piel/Kremer 1976: 204) Este nome persoal inclúe unha base MIR- cuxo significado é ‘famoso’.

Fontemirón, se temos por acertadas estas posibilidades ofertadas, constituiría un topónimo de posesor –dos que xa se falou noutro punto–, neste caso, quizais, referido ao dono dalgún manancial ou dalgunha fonte que houbera no lugar, ou ao terreo en que se encontraba.

No dicionario de Madoz (1845-1850) aparece recolleito este topónimo, inda que grafado separadamente («*Fonte Mirón*»).

Forniños e Fornos

Trataranse aquí conxuntamente estes dous topónimos dada a súa similitude formal e, en principio, semántica. *Fornos* é un lugar situado na parroquia da Pena, mentres que *Forniños* pertence á freguesía de Xallas e está próximo das estremas do concello de Negreira co veciño de Outes. Neste caso, *Forniños* é unha forma única na toponimia maior de Galicia, pois non hai ningunha outra entidade de poboación que reciba este nome, ou cando menos non se ten constancia da súa existencia.

Nun primeiro achegamento, estes dous topónimos suxerirannos, seguramente, o substantivo *forno*.

De feito, Paulo Martínez Lema (2010: 195) indúcenos a pensar nese substantivo como orixe destes dous topónimos, os cales non trata directamente pero si cita *Forniños*.

Igual interpretación fai Elixio Rivas (1982: 279-280), quen sinala, para os topónimos *O Forniño* e *O Forno* que el estuda, o latín FURNUS ‘forno’ como voz da que derivan.

Esta é unha explicación posible da orixe etimolóxica de *Fornos* e *Forniños*; para o segundo topónimo, á base primixenia, que habería que buscar, logo, na palabra *forno*, engadiríasele unha terminación *-iño* (latín *-INUS*) con valor diminutivo sobre o substantivo ao que se aplica.

Segundo Fernando Cabeza Quiles (2008: 47) os topónimos do tipo *Forniños* ou *Fornos* falan da presenza de dolmens ou monumentos prehistóricos que, pola súa forma, recordan a un forno, e de aí que se aplicase o substantivo ao lugar en que se asentaban ese tipo de construcións, xerándose así o nome de lugar.

Na documentación antiga achamos nun texto do ano 1137, recollido no tomo de Toxos Outos, o topónimo *Fornos*, mais non referido ao núcleo pertencente á parroquia da Pena, senón ao que hoxe en día é o lugar de *Forniños*. Xa en tempos máis próximos á actualidade o Catastro de Ensenada (1753) só rexistra *Fornos*, e non fai alusión á existencia do núcleo de *Forniños*; o mesmo pasa no dicionario de Madoz (1845-1850).

Cómpre sinalar que na pronuncia local destes topónimos o primeiro <o>, en ambos os casos, abre: [fɔr'nipos], [fɔrnos], algo que vai en contra da fonética esperable nestes dous casos, sobre todo se damos como válida as hipóteses de que estes topónimos proceden do vocábulo *forno*, con [o], como lle corresponde etimoloxicamente.

Gándara

Lugar da freguesía de Gonte, preto da capital do concello negreirés. *Gándara* é un topónimo moi estendido por toda Galicia e, alén da toponimia maior, inda é máis abundante, con certeza, na microtoponimia.

En canto á orixe etimolóxica deste substantivo (entre cuxos significados se achán ‘terra baixa con vexetación de pouca altura’ ou ‘terreo baixo, areento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza’) e nome de lugar, circulan principalmente dúas teorías acerca da súa procedencia, ben resumidas por Paulo Martínez Lema (2010: 198-199) e tidas en conta tamén por outros autores. Así,

para algúns estudosos coma Menéndez Pidal este topónimo procede dunha tema prerromano *GANDA, estendido por outras partes de Europa en formas léxicas relacionadas con espazos pedregosos; en troques, para outros o substantivo *gándara* vén dunha raíz prerromana *KANT- ‘pedra, rocha’, tamén perceptible en palabras doutras linguas europeas. Non obstante, e segundo o que tiramos de Martínez Lema, esta segunda vía parece que se atopa con impedimentos de carácter fonético para chegar ao resultado actual *gándara*. Inda así, para el o que é seguro é que

«a orixe última de *gándara* está nun derivado *GAND-ĀRA, cuxa estrutura morfolóxica pode explicarse como o resultado de engadirlle ao devandito tema *GANDA o ben coñecido e produtivo sufixo prelatino -ĀRA» (Martínez Lema 2010: 199).

Ese sufixo prelatino, segundo o mesmo autor (Martínez Lema 2010: 137), é frecuente en derivados de carácter hidronímico, é dicir, ten ou pode ter relación coa auga; e é que, nalgúns dicionarios, caso do *Diccionario galego-castelán* de Carré Alvarellos ou o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez, recóllese esa compoñente hidronímica na definición de *gándara*.

É mester indicar que tamén se rexistra –non se pode asegurar se é de forma maioritaria ou non– a pronuncia [‘hándra], con síncope da vogal intermedia *a*.

O topónimo aparece recolleito no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850).

Gonte

Aldea e freguesía negreiresa moi próxima á capital municipal. Encontrámonos por ante un topónimo que, segundo o NG, é único en Galicia.

Piel e Kremer (1976: 171) recollen este topónimo e asóciánlle unha raíz xermánica GONT-, para a que dan o significado de ‘loita’ (1976: 163). Sinalan que *Gonte* pode proceder de *GUNTI/GUNTUS, unha forma que nos suxire, quizais, un topónimo de posesor, polo que se deduce destes autores, porén é unha posibilidade que non se puido comprobar ao cento por cento.

Este topónimo xa se menciona no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (1845-1850), como parroquia e, xaora, tamén como entidade de poboación.

Gorgal, O

Lugar pertencente á parroquia de Xallas. Edelmiro Bascuas (2002: 327) supón para este topónimo,

único na toponimia maior de Galicia, un tema reduplicado *GŪR-G, cuxa base en última instancia é a raíz prerromana *G^wER ‘tragar’ (Bascuas 2002: 307). Para el, a formación do tema *GŪR-G debe ser romance, inda que a raíz sexa prerromana, polo que considera que os topónimos (e as palabras do léxico común) que leven este tema foron orixinadas na época romance.

O Gorgal é un derivado do tema xa sinalado, ao que se lle aplicou o sufixo abundancial latino -ĀLIS; a forma resultante foi *GURGĀLIS. Para Bascuas é un lugar «en el que hay muchas *gurgas, posiblemente en el sentido de ‘manantial’ que aparece en los derivados como *gurgullar*, etc.» (Bascuas 2002: 328). Quizais polas características do emprazamento desta aldea, nunha zona de montaña, os mananciais son abundantes e a auga gurgulla, ou o que é o mesmo, fai burbullas ao saír ou discorrer pola superficie.

En canto á presenza deste topónimo na documentación antiga, hai rexistros no dicionario de Pascual Madoz (elaborado entre 1845 e 1850).

Landeira

Entidade de poboación e freguesía negreira situada na zona norte do termo municipal, próxima aos lindeiros co concello da Baña. Para obter a orixe etimolóxica deste topónimo pódense seguir, cando menos, dúas hipóteses que quizais sexan complementarias, e que suxeriron Elixio Rivas e Gonzalo Navaza.

Para Rivas (1982: 69) neste topónimo cómpre procurar unha base céltica LAND- (da que non dá o significado), da que obteríamos unha forma *LANDARIA, porque, inda que este autor sinala que se ten por latina a procedencia de palabras que a maioría supón que son da familia de *Landeira* (como *landra* ‘froito do carballo, a aciñeira, a sobreira, etc.’ ou mesmo *landreira* ‘sitio onde se gardan as landras’), el propón a orixe céltica do topónimo que estamos a tratar aquí, pois considera que a inexistencia do -r- após o -d- impide que *Landeira* parta da mesma base que *landra* ou *landreira* (que se teñen por derivados do latín GLANDE, que, por outra banda, é un étimo onde o -r- é inexistente, polo que semella que Rivas se contradí un pouco nas súas palabras). A explicación de Elixio Rivas non resulta de todo convincente, sobre todo porque non é moi claro no xeito de mostrar a súa argumentación, máis ca polas razóns que aduce en si para apoiar a súa teoría da orixe céltica do topónimo.

Gonzalo Navaza (2006: 306) opina que *Landeira* é un aparente derivado de *landra*, substantivo que remarca como derivado do latín *GLANDE* (hipótese apoiada por Coromines en DCECH v. III, 1980: 574), mais tamén insinúa que é posible que no paso de *GLANDE* a *landra* exercese a súa influencia o sufixo prerromano *-ARA*, presente noutros topónimos como o xa visto con anterioridade neste traballo *Gándara*. En todo caso, tampouco se atreve a asegurar unha procedencia plenamente latina para *Landeira*.

Tamén Gonzalo Navaza apunta a que é posible que, segundo tira Elixio Rivas (dunha obra posterior á citada máis arriba), neste topónimo e noutros da súa familia haxa que buscar a orixe nunha forma céltica *NANT-*, cuxo significado é ‘val’ (Navaza 2006: 306).

Polo exposto até aquí, o que se conclúe é que non está de todo clara a xénese deste topónimo, mais o certo é que a maioría dos autores –algúns citados polo propio Navaza– xulgan que *Landeira* ha de ter relación co substantivo *landra*; non obstante, tampouco nos aventuramos a xulgar que isto sexa indiscutible, vistos os reparos ofrecidos por Rivas e Navaza.

En canto á presenza deste topónimo na documentación antiga vemos que en documentos do século XV (a partir de 1433) recóllese *Landeira*, con diferentes grafías, segundo sinala Gonzalo Navaza (2006: 307); aparece tamén no Catastro de Ensenada (1753), e Pascual Madoz rexístrao no seu dicionario, elaborado entre 1845 e 1850.

Leira de Ares

Lugar da parroquia de Aro, situada xeograficamente na parte central do concello de Negreira. Achámonos perante un topónimo que, inda que se pode localizar no territorio e dá nome a un lugar habitado, na actualidade practicamente non se emprega, pois o feito de estar esta entidade de poboación moi preto da aldea da Braña fai que *Leira de Ares* se pense que pertence á Braña.

Na análise etimolóxica deste topónimo vemos que está composto por dous elementos. O primeiro substantivo, *leira*, é unha palabra do léxico común da nosa lingua que significa ‘terreo de labranza’, e que está moi presente na nosa toponimia. A orixe do vocábulo *leira*, indica Gonzalo Navaza (2007: 96), é prerromana, e chegou até a actualidade a través do latín, onde se conservou como **LAREA* nalgúns textos latinos tardíos. Elixio Rivas (1982: 283) atrevese a sinalar que a base da que procede *leira* é *LAR-*, céltica, e que significa ‘chan’ (‘superficie que pisamos’); esta, á súa vez,

proviría dunha raíz preindoeuropea *_{L-R}.

No tocante ao segundo elemento, *Ares*, Navaza (2007: 87) considera que é o nome persoal *Arias* ou *Ares*, que foi relativamente común na Idade Media en Galicia. Por isto mesmo, este sería un caso máis de topónimo de posesor, que fai alusión seguramente ao dono desas terras, que pasaron a recibir o seu nome por seren da súa propiedade.

Na documentación antiga consultada non se encontrou rexistrado este topónimo para referirse a este lugar.

Libreiro, O

Entidade de poboación da parroquia da Pena. Etimoloxicamente semella que este topónimo, único en Galicia, é un derivado do substantivo *lebre* ‘mamífero roedor de cabeza pequena, orellas moi longas e corpo estreito, moi estimado pola súa carne e a súa pel’, inda que é unha conxectura que se fai sen unha base científica completamente certa; pénsase que, por estar a aldea emprazada nunha zona de monte onde pode abundar este animal, é posible que se xerese este topónimo. Debe terse esta explicación, polo tanto, como provisional.

Se nos guiamos por esta hipótese, a orixe de *O Libreiro* está, entón, no latín *LEPORE*, palabra que, como se sinalou, chegou no galego actual a *lebre*; a este substantivo engadiríase un sufixo abundancial *-eiro*. Que o primeiro *-e-* de *lebre* se transformase nun *-i-* pode considerarse un proceso de disimilación, xerado quizabes na lingua popular, co fin de afastar as dúas vogais da palabra base.

Nos documentos antigos aparece *Libreiro* no dicionario de Madoz (1845-1850), sen o artigo.

Liñaio

Freguesía e lugar do concello de Negreira, na ribeira do río Tambre, polo tanto na zona sur do termo municipal. Gonzalo Navaza (2006: 312) di que este topónimo é un derivado do substantivo *liño* (do latín *LĪNUM*, con idéntico significado), que designa un tipo de planta herbácea cuxa fibra foi aproveitada tradicionalmente para facer tecidos e cordeis, polo tanto a súa importancia era salientable até tempos moi recentes. Isto favoreceu que a presenza de derivados de *liño* na toponimia galega sexa grande.

Para o caso que estamos a tratar, sinala Navaza (2006: 317) que a terminación *-aio* resulta

problemática: «De ser de orixe latina [a terminación *-aio*] constituiría talvez unha variante prerromance do sufixo *-ARIU*, pero podería ter orixe prerromana». Probablemente esta terminación indique a abundancia desta planta na zona en que se asentou o topónimo.

Na documentación antiga achamos rexistros deste *Liñao* polo menos desde os inicios do século XIII (pacto do ano 1216 conservado no tomo de Toxos Outos); máis modernamente aparece no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (1845-1850).

Lobios

Entidade de poboación da parroquia de Lueiro, no extremo máis sur do concello de Negreira. Na actualidade, e xa desde fai uns anos, esta aldea non está habitada, polo que constitúe un caso de aldea abandonada.

En canto á etimoloxía de *Lobios*, e do substantivo común *lobio* ‘emparrado pequeno’, ‘alboio’, de onde procede o topónimo, parece estar bastante claro entre os autores consultados que a orixe de *Lobios* está nunha voz gótica. Iso é o que opinan Moralejo Laso (1977: 294), Elixio Rivas (1982: 285) ou Edelmiro Bascuas (2005: 171), quen din que vén do gótico **LAUBJO/*LAUBJA*, co significado de ‘emparrado’ ou ‘alboio, alpendre’. Quizais se aplicase este substantivo ao lugar para sinalar construcións lixeiras de tipo agrícola, como propón Fernando Cabeza Quiles (2008: 600), ou simplemente fíxese referencia a parras ou videiras.

É un topónimo documentado xa no ano 1137, segundo un texto recolleito no tomo de Toxos Outos, e menciónase no Catastro de Ensenada (1753), aínda que non no dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850).

Logrosa

Freguesía e entidade de poboación lindeira coa capital municipal. É un topónimo único en Galicia segundo o NG, e del non se encontrou ningunha información na bibliografía á que se tivo acceso sobre a posible orixe deste topónimo. Si se pode salientar que a pronuncia local deste nome de lugar e de parroquia é [loʰhrosa], con [ɔ], tal e como se recolle no *Diccionario de pronuncia da lingua galega*.

A única pista que se achou, mais non moi fiable –por iso só se citará, pero sen ánimo de que se

considere científica, ao non poder contrastala–, sinala que é posible que *Logrosa* denomine unha «terra que produce moito froito ou na que madurece (logra) pronto ou ben, o froito» (Liñares 1999: 69); talvez esta explicación se deba, máis ben, á etimoloxía popular.

O topónimo cítase nun documento do ano 1295, no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (1845-1850).

Lueiro

Aldea e parroquia situada no sur de Negreira, nas beiras do río Tambre e testando cos concellos de Outes e Brión. Este é outro topónimo único en Galicia, e quizais por iso é outro dos casos dentro deste traballo en que non se atopou información na bibliografía que nos dese algunha pista acerca da etimoloxía do topónimo.

Lueiro testemúñase nalgún documento do século XIII, compilado no tomo de Toxos Outos, e tamén o recollen o Catastro de Ensenada (1753) e o dicionario de topónimos elaborado por Pascual Madoz (1845-1850).

Maio Grande e Maio Pequeno

Tanto *Maio Grande* como *Maio Pequeno* son dúas entidades de poboación da parroquia de Liñaio, situadas unha moi preto da outra. É este outro dos casos complicados dentro deste traballo, pois tampouco se atinou a dar con algunha pegada dentro da bibliografía consultada que axudase a dilucidar de onde proceden estes dous topónimos negreireses; só Moralejo Álvarez (2010: 107) suxire, para o topónimo *Maiobre* (que podería estar en relación con *Maio Grande* e *Maio Pequeno*), que pode vir dunha base *MAGYO- ‘grande’.

No Catastro de Ensenada aparece *Mayo Pequeno*; Pascual Madoz cita estas dúas aldeas (coa grafía castelanizada) no seu dicionario xeográfico de mediados do século XIX.

Marcelle

Lugar da parroquia de Landeira. É este un topónimo que, inda que non é moi abondoso, si está espaxado por toda a comunidade galega.

A orixe etimolóxica deste nome de lugar parece estar bastante clara. Estamos diante dun topónimo de posesor, que, segundo sinalou Piel (1947: 323), procede do nome latino *Marcell(i)us*, que

constitúe un derivado doutro nome, *Marcus*. Neste caso, *Marcelle* vén da forma *Marcellī*, o xenitivo de *Marcell(i)us*. Nicandro Ares (2011: 382-385) tamén corrobora esta procedencia para o topónimo *Marcelle*, e engade a Piel que *Marcell(i)us* é un «diminutivo popular e cariñoso» de *Marcus*.

Polo que respecta á presenza do topónimo en documentos antigos, Madoz rexístrao no seu dicionario (1845-1850) marcando o seseo: *Marselle*.

Meiro

Aldea que pertence á parroquia de Aro. En todo o territorio galego, segundo o NG, só hai outra entidade de poboación con idéntica grafía, situada no concello pontevedrés de Bueu. Precisamente en referencia a este último lugar sinala Elixio Rivas (1982: 130) a posible orixe etimolóxica do topónimo: para el, o xerme remoto hai que buscalo nunha base preindoeuropea *M'R 'auga, manancial', coa alternancia vocálica *MAR, *MER ou *MIR. Esta mesma raíz xerou outros moitos topónimos galegos que son aplicados a espazos con correntes fluviais ou a ambientes en que está presente a auga (Cabeza 2008: 393).

Elixio Rivas, na referencia xa citada unhas liñas atrás, indica que ese lugar *Meiro* do municipio de Bueu se sitúa «en una ladera en que el agua semeja manar y correr por todas partes». O *Meiro* da freguesía de Aro tamén está emprazado nunha falda dos coñecidos como montes da Pena, onde de seguro que existen augas que escorregan dunha ou doutra maneira monte abaixo, e que, de feito, son aproveitadas na actualidade polas aldeas da contorna destes montes para o abastecemento humano.

No tocante á presenza do topónimo *Meiro* en documentos antigos, cítase nunha emenda testamentaria do ano 1231, conservada no tomo de Toxos Outos; en textos de etapas máis contemporáneas recóllese no dicionario de Madoz (1845-1850).

(Meiró)

Na parroquia de Aro hai un lugar *Meiró*, constituído por un único casal, e que non se cita no NG. É un diminutivo de *Meiro* co sufixo diminutivo –OLUM (formando unha parella semellante a *Negreira-Negreiroa*, ver máis abaixo). Atopámolo citado no Catastro de Ensenada (1753), onde se recolle un *Meiroo de Abaixo*.

Mourís

Lugar da freguesía de Xallas e topónimo maior único en Galicia con esta grafía, segundo o NG; porén, si que se recollen outros similares espallados polo territorio, como *Mouriz*, e que deben ter unha orixe semellante. Pola súa distribución xeográfica infórmannos que neste *Mourís* debeu actuar o seseo propio do lugar en que se localiza, fronte aos outros *Mouriz* de Galicia, rexistrados en puntos onde o seseo non é característico do dialecto alí falado.

Joseph M. Piel (1947: 330) considera que a orixe etimolóxica deste topónimo hai que buscala no nome persoal latino *Maur̄cius*. O antropónimo *Mauricius* remite, en última instancia, ao nome latino *Maurus* (Kajanto 1982: 206), do que debeu derivar.

Na documentación antiga achamos *Mourís* no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850).

Negreira

Entidade de poboación, parroquia e concello do sur da provincia da Coruña, pertencente á comarca da Barcala, situado a 80 quilómetros da capital provincial e a uns 20 da capital de Galicia. Amais desta localidade e municipio o NG rexistra outros dous topónimos *Negreira*, que denominan entidades de poboación no concello coruñés de Santa Comba e no pontevedrés da Estrada (neste caso con artigo diante do topónimo: *A Negreira*).

Cabeza Quiles considera que *Negreira* debe proceder do adxectivo latino *NIGER* ‘negro, escuro, sombrizo’, que, despois de xuntarlle un probable sufixo abundancial *-ARIA* (*-eira*), xerou quizabes a forma **Nigraria*, que evolucionaría sen problema até o *Negreira* de hoxe. Debía aludir «a un conxunto de elementos de cor negra ou escura, que pode ser a cor do terreo ou quizais un grupo de árbores ou plantas de cor verde escura» (Cabeza 2008: 88). O mesmo autor sinala unha hipótese que establecía que este topónimo tiña un carácter necrolóxico, pois tense dito que estaba relacionado coa palabra grega νεκρός ‘morto’, e *Negreira* tería entón o significado de ‘lugar de antigos enterramentos’; mais para el esa teoría queda desbotada, pois opina que a forma *Nicraria* que se acha en textos antigos é unha falsa latinización cuxa motivación era darlle unha aparencia máis antiga ao topónimo. Cabe subliñar, con relación a isto, que hoxe en día inda se emprega o xentilicio **nicrariense*, cando debería rexeitarse, se Cabeza Quiles está no certo.

Nicandro Ares (2011: 754), inda que moito máis sucinto, pensa tamén que *Negreira* é un derivado do adxectivo latino NIGER; non obstante, engade que este adxectivo se converteu nun nome persoal ou cognome *Niger*, que aparece recolleito na antoloxía sobre os nomes latinos de Iiro Kajanto (1982: 228). Ares non ofrece máis datos, e quizais hai que entender isto como que deixa caer que podemos estar perante un topónimo de posesor; porén, ao carecer de máis fontes de información non se pode dar unha maior credibilidade a esta última posibilidade.

No tocante á súa presenza na documentación antiga, aparece no século XII coa forma *Negreyra*; recóllese tamén no Catastro de Ensenada e no dicionario de Madoz.

Negreiroa

Lugar ou barrio da freguesía de Negreira, a carón mesmo da capital municipal, e onde se encontra a igrexa parroquial negreiresa. É un topónimo único en Galicia, e está directamente emparentado con *Negreira*, como sinala Paulo Martínez Lema (2010: 261-262), quen di que ao longo da xeografía galega hai unha serie de parellas de topónimos (por exemplo, *Olveira* e *Olveiroa* ou *Rianxo* e *Rianxiño*) nos que o segundo membro da parella constitúe un diminutivo ou ben un derivado de tipo abundancial ou colectivo da forma toponímica de que parten, ou tamén se poden interpretar como expresión dalgún tipo de dependencia do lugar designado co diminutivo con respecto á entidade que se nomea coa forma toponímica que serviu de base para a derivación.

Entón, e polo acabado de expor, enténdese que a orixe de *Negreiroa* está na forma *Negreira*, á que habería que engadir un sufixo *-oa* (do latín *-ŏLAM*) que actúa como diminutivo.

Na documentación antiga rexístrase o topónimo *Negreiroa* no dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850).

Niñarelle

Lugar da parroquia de Alvite, no oeste de Negreira. É un topónimo practicamente único, pois só se rexistra en Galicia outro lugar do mesmo nome, situado no concello de Rois (A Coruña). A súa procedencia é latina, e segundo indica Gonzalo Navaza (2006: 316) a orixe deste topónimo hai que ir procurala na palabra *liño*, un substantivo que está bastante presente na toponimia galega –como xa vimos na entrada *Liñaió*–, quizabes pola importancia do cultivo desta planta outrora (non só en Galicia, senón tamén no resto da península ibérica).

Para a formación de *Niñarelle* partiuse dunha base *LĪNALE*, que designa o terreo dedicado ao cultivo do liño e que produciu en galego os resultados *liñar* e *liñal*. A esa base aplicóuselle o sufixo diminutivo *-icullu* (que deu os resultados *-ello*, *-ella*), e no termo resultante alterouse a consoante inicial (*l- > n-*) por asimilación coa nasal da sílaba seguinte (Navaza 2006: 316). O *-e* final é o resultado da palatalización do *-a* do sufixo *-ella*.

Nos documentos antigos recóllese no Catastro de Ensenada (1753), mentres que no dicionario de Madoz (1845-1850) cítase, na entrada dedicada á parroquia de Alvite, un lugar *Aniralle*, que se supón que se corresponde con este *Niñarelle*, mais cunha mala interpretación ou gralla tipográfica.

Outeiros, Os (2)

Entidades de poboación negreirasas, unha pertencente á parroquia de Portor e a outra á de Xallas. Na nosa toponimia maior, e desde logo na microtoponimia, abundan os lugares que levan no seu nome o substantivo *outeiro* ‘pequena elevación do terreo, illada e de pouca extensión, que domina un certo terreo chan’, ‘pedra ou rocha de dimensións considerables, xeralmente de forma arredondada, que sobresaia na terra’, por mor de vivirmos nunha comunidade en que, en xeral, o terreo poucas veces é completamente plano.

Esta palabra do léxico común, que deu lugar ao topónimo, parece ser unha formación romance a partir do vocábulo *outo*, que é sinónimo de ‘alto’ e procede do latín *ALTU*. A ese termo *outo* debeu engadírselle o sufixo *-eiro*. Tradicionalmente considerouse que *outeiro* procedía dun latín **ALTĀRIŪM* ‘altar’, pero autores máis actuais opinan que, de ser así, debería haber máis rexistros textuais en que se puidese corroborar a conexión entre **ALTĀRIŪM* e *outeiro* (Martínez Lema 2010: 264).

En canto á presenza do topónimo en textos antigos, no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850) non hai rastro da existencia destes dous lugares negreirasas, o que podería indicar que se trata de lugares de formación máis recente.

Padín

Aldea da parroquia de Covas. O topónimo *Padín* dá nome a outras sete entidades de poboación galegas, repartidas polas provincias da Coruña, de Lugo e de Pontevedra. Para J. M. Piel (1947: 342), este topónimo procede dun nome persoal latino *Palatinus*, e constitúe unha forma derivada de *Palatius*. A evolución do latín *Palatinus* ao galego *Padín* é a esperada (o *-l-* intervocálico cae e o *-t-*

intervocálico sonoriza).

O topónimo cítase no Catastro de Ensenada (1753), e recóllese na recompilación de topónimos feita por Pascual Madoz na década de 1840.

Patrocinio, O

Barrio da freguesía de Negreira, e topónimo único en Galicia, do cal non se encontrou ningún tipo de información acerca da súa posible orixe. Polo tanto, é outro dos casos dentro deste traballo que pasa a formar parte da listaxe de topónimos escuros.

Por facer algunha especulación, tras consultar o dicionario atopamos para o vocábulo *patrocinio* a definición ‘protección da Virxe María ou dun santo’; poderíase pensar que o lugar pode recibir ese nome por algún feito relacionado coa relixión.

Non hai rexistros deste topónimo na documentación antiga consultada.

Pedralonga

Entidade de poboación situada na parroquia de Aro, e na parte máis central do concello de Negreira. Topónimo maior único en Galicia, trátase dun composto transparente, formado por dúas palabras do léxico común.

O primeiro elemento, o substantivo *pedra* ‘substancia mineral, máis ou menos dura e compacta’, procede do latín *PĒTRA* ‘rocha, pedra’; o segundo vocábulo é o adxectivo *longa* ‘que ten moita lonxitude’, do latín *LONGUS* -A -UM ‘longo’. A interpretación deste topónimo indícanos que nese emprazamento hai formacións pétreas alongadas, como así é, como foi comprobado directamente.

Este nome de lugar atéstase no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850), e aparece tanto coa grafía castelanizada, *Piedra-longa*, como coa grafía que lle corresponde, *Pedralonga*.

En canto á pronuncia, aquí dáse un trazo dialectal da gheada —xa explicado con máis detalle na entrada dedicada ao topónimo *Campolongo*— que fai que os falantes locais tradicionais digan [peðraˈloŋka].

Pedreiras, As

Aldea que pertence á parroquia de Alvite, e topónimo estendido por toda Galicia. Elixio Rivas trata

este nome de lugar (inda que referíndose a outro punto no territorio) e indica que os emprazamentos que reciben esta denominación están constituídos por chans pedregosos. O topónimo procede do latín PĒTRA ‘pedra, rocha’, palabra á que se lle axuntou o sufixo abundancial -ARIA, que no seu paso ao galego xerou -eira (Rivas 1982: 54).

Na documentación antiga testemúñase este topónimo no dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850), onde aparece en singular: *Pedreira*.

Pedrouzo, O

Lugar localizado na parroquia de Bugallido, cara ao norte do termo municipal negreirés. Constatamos, a través do NG, que este topónimo é bastante común no territorio galego.

Estamos diante dun nome de lugar máis dentro deste concello que deriva do latín PĒTRA ‘rocha, pedra’, e que deu en galego o vocábulo *pedra*. Neste caso, e segundo asegura Gonzalo Navaza (2007: 64), á palabra *pedra* engádeselle un sufixo -ouzo, de orixe prerromana. Para Navaza, (O) *Pedrouzo(s)* é un topónimo que fai referencia a un lugar pedregoso; outros autores como Elixio Rivas (1982: 94) ratifican esta mesma significación.

Edelmiro Bascuas (2002: 81) indica que ese sufixo -ouzo é derivado de *-AUCEU, unha variante do sufixo prerromano -AUKO, que sería abundancial.

Sobre a manifestación do topónimo estudado nos textos antigos conservados, Pascual Madoz rexístrao no seu dicionario (1845-1850), inda que sen artigo e reflectindo na escrita o seseo propio da zona: *Pedrouso*.

Pesaduiria

Entidade de poboación da freguesía de Alvite, no oeste do concello de Negreira. Este é un caso máis que se suma ao repertorio de topónimos únicos en Galicia, pois segundo o NG non hai ningún outro lugar que reciba esta denominación.

Non se encontraron datos na bibliografía á que se tivo acceso sobre a súa posible orixe etimolóxica. No *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez e mais no *Diccionario galego-castelán* de Xosé Luís Franco Grande defínese a palabra *pesadoiro*, ‘aparato que pesa o con que se pesa una cosa’, porén non semella unha liña factible pola que tirar para obter algunha

hipótese verbo deste topónimo.

Cómpre recalcar que a forma correcta deste nome de lugar é *Pesadui*ra, tal e como vén no NG, malia que, segundo se verificou, algúns veciños desa aldea teiman en que o nome certo é **Pesadoira*; no resto do concello, os falantes tradicionais refírense a ese lugar como *Pesadui*ra.

O Catastro de Ensenada (1753) e o dicionario de Madoz (1845-1850) citan este topónimo.

Peto, O

Aldea situada na parroquia de Campolongo, na parte noroeste do termo municipal, xa preto dos lindeiros co concello de Outes. Encontrámonos perante un topónimo que tamén se recolle noutros nove lugares de Galicia.

No tocante á posible xénese deste topónimo, pódese optar por varias hipóteses. Así, é factible especular que este nome de lugar se xerara a partir da denominación dunha ave, o *peto*, ‘paxaro insectívoro que bate as ás a intervalos e fura as árbores co peteiro para facer o niño’. O nome deste paxaro puido derivar do ruído que fai a ave ao petear no tronco das árbores, polo tanto tería unha motivación onomatopeica.

Outra perspectiva é a que ofrece Elixio Rivas (1982: 98), para quen este topónimo pode proceder dunha raíz preindoeuropea **PETT-* ou **PITT-* ‘prominencia’, que tamén sería onomatopeica.

Sexa válida unha ou outra suposición, o que parece común é que a natureza do topónimo é unha onomatopea.

Dándolle unha volta máis a este nome de lugar, inda se pode chegar a pensar que o topónimo está relacionado cos denominados *petos de ánimas*, un tipo de construción popular relixiosa cun oco onde os fregueses poden deixar esmolos para socorrer ás “almas en pena” que permanecen no purgatorio á espera de alcanzar o ceo. Non obstante, esta conxectura non se puido comprobar, pois tampouco se coñece a existencia dun destes monumentos pola contorna desa aldea.

Pascual Madoz rexistra esta aldea no seu dicionario xeográfico (1845-1850), inda que sen o artigo precedente.

Piaxe

Lugar da freguesía da Pena, situado na ladeira dos montes que levan o mesmo nome que a parroquia. Deste topónimo, único en Galicia, non hai ningún tipo de información con respecto á súa posible orixe etimolóxica, polo que non podemos determinar cal puido ser a súa motivación.

É posible pensar que pode proceder dun nome de posesor *Pelagius*, a través do xentivo *Pelagii*, pois foneticamente é posible, ou mesmo da voz *peaxe* ‘cantidade que se paga en concepto de dereitos por circular por determinadas vías de circulación’, documentada no século XII (*portage nec peage*).

Xosé Luís Franco Grande rexistra no seu *Diccionario galego-castelán* do ano 1972 unha entrada *piaxe* ‘huella que deja en la tierra el pie o el calzado’; non se pode garantir que esta definición para unha palabra do léxico común (que, amais, só se recolle nese dicionario) teña relación ou non co topónimo *Piaxe*.

Na documentación antiga atéstase este nome de lugar no repertorio de entidades de poboación elaborado por Madoz a mediados do século XIX, inda que aparece coa grafía castelanizada: *Piage*.

Cabe subliñar que, segundo se constatou pola experiencia, os nativos nesta comarca pronuncian [pi’as^ɨ], isto é, á despalatalización do [j] que se dá na zona xúntaselle a relaxación á hora de articular a última sílaba de *Piaxe*, co que a realización é semellante a un son fricativo alveolar xordo [s] pero cuxo punto de articulación se palataliza.

Piñeiro e Piñeiro, O

Entidades de poboación do concello de Negreira, a primeira situada na freguesía de Portor e a segunda na de Landeira. O topónimo (*O*) *Piñeiro* –e demais variantes– é moi abundante no inventario toponímico galego, e procede do substantivo común *piñeiro* ‘nome común a varias plantas ximnospermas das pináceas, de follas aciculares e flores estróbilas unisexuais; o froito é a piña, que contén as sementes ou piñóns’, palabra que deriva do latín *PINUS* ‘piñeiro’.

Esta é unha árbore abundante na actualidade no territorio galego, porén, outrora non o debeu ser tanto, posto que, segundo sinala Gonzalo Navaza (2006: 412), o feito que predomine en Galicia o topónimo (*O*) *Piñeiro* en singular e non os derivados colectivos (como *Piñeiral* ou *Piñeira*) quere

dicir que non debían ser moi comúns os bosques de piñeiros, senón que estas árbores se atopaban diseminadas e illadas entre si, ou en grupos moi reducidos, e deberon de acabar por dar nome á paraxe onde crecían. O piñeiro que hoxe impera no noso territorio é o piñeiro de repoboación, que se implantou a partir do século XVIII (Navaza 2007: 104), mentres que eses piñeiros dispersos debían pertencer ao que se coñece como *piñeiro manso*.

O dicionario xeográfico de Pascual Madoz, editado entre os anos 1845 e 1850, rexistra estes dous topónimos negreireses, inda que en ambos os casos sen artigo (o lugar *O Piñeiro* da freguesía de Landeira si que leva artigo, tal e como recolle o NG).

Plantío, O

Lugar que pertence á parroquia de Campolongo, no extremo oeste do concello de Negreira. É este un topónimo pouco común, cando menos na toponimia maior, segundo se tira do NG, pois apenas hai seis entidades de poboación máis con esta denominación, repartidas pola xeografía galega.

Gonzalo Navaza (2006: 421) estudou este topónimo e sinala que é un derivado do substantivo *planta* ‘ser vivo pertencente ao reino vexetal’, que procede dunha forma latina idéntica *PLANTA*, tamén co mesmo significado que o do galego actual.

Nos dicionarios achamos que *plantío* é un ‘lugar plantado de vexetais recentemente’; para Navaza, o topónimo «ten relación cunha das acepcións do verbo *plantar* que é “meter o introducir en la tierra el vástago de un árbol o de otra planta”» (Navaza 2006: 421). Isto último suxírenos que quizais este nome de lugar designe un espazo que foi replantado, ou previamente deforestado co obxectivo de aproveitalo para o cultivo.

Nos textos antigos consultados non se rexistra este topónimo facendo referencia a este emprazamento.

Ponte Maceira, A

Entidade de poboación da freguesía de Portor, situada mesmo na ribeira do río Tambre, que divide este núcleo en dous, o que fai que unha parte da aldea pertenza ao concello de Negreira e a outra ao veciño municipio de Ames. É un *unicum* da toponimia maior galega.

O nome de lugar está composto por dous substantivos. A orixe etimolóxica do primeiro deles, *ponte*

‘construción edificada sobre accidentes xeográficos, como ríos, foxos e outros lugares, para o paso de vehículos ou persoas dun lugar a outro’, vén do latín PONS ‘ponte’ (a forma galega actual procede do acusativo PONTEM). Nesta paraxe existe unha ponte medieval con alicerces romanos, que comunica unha e outra banda do río Tambre.

Polo que respecta ao segundo elemento do topónimo, o substantivo *maceira* ‘árbore froiteira da familia das rosáceas, de froito en pomo, comestible’ é un derivado do latín MATTIANARIA, que á súa vez vén do latín vulgar MATIANA OU MATTIANA (Navaza 2006: 340), un vocábulo que designa o froito da maceira e que procede do nome persoal *Matius*, que disque foi un personaxe romano divulgador desta árbore froiteira.

Que aparezan estes dous substantivos xuntos pode dar lugar a diferentes interpretacións. A dedución menos revirada quizais é que nese lugar houbera unha maceira senlleira ou ben un grupo destas froiteiras, que no pasado foron bastante importantes na alimentación (Cabeza 2008: 505) e por iso puideron influír na creación do topónimo.

Cabe subliñar que, na zona que se está a tratar, a denominación para a árbore que dá as mazás é *mazanceira*, e non *maceira*. Gonzalo Navaza (2007: 107) opina que esta designación alternativa xurdiu quizais porque en zonas de seseo coma esta podíase confundir *maceira* con *maseira* ‘pía de pedra ou madeira na que comen os porcos’.

Pódese puntualizar amais que, ás veces, as xentes da comarca se refiren a este lugar como *A Ponte Vella*, pois xusto ao lado da Ponte Maceira hai unha aldea (que pertence ao concello de Ames) chamada *A Ponte Nova*, que debe o seu nome á ponte construída a comezos do século XX, como alternativa á situada na aldea que leva o topónimo que estamos a analizar.

O topónimo *A Ponte Maceira* cítase no dicionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850), coa grafía castelanizada: *Puente Maceira*.

Pontevedra

Pequena aldea pertencente á parroquia de Liñaio, próxima ao curso do río Tambre que rega estas terras. En toda Galicia non existe outra entidade de poboación que leve o nome máis cá cidade do Lérez. Este núcleo de poboación chegou a estar baleiro de veciños, mais desde hai pouco tempo volve residir xente alí.

O topónimo está formado por dous compoñentes: por unha banda, está o xa visto anteriormente neste traballo *Ponte*, < latín PONTEM, acusativo de PONS ‘ponte’; pola outra banda, o elemento *-vedra*, que constitúe unha evolución do adxectivo latino VETERUS (en concreto do feminino VETERA), que á súa vez deriva doutro termo latino, VETUS ‘vello’.

Polo visto, este nome de lugar fai ou fixo alusión a unha ponte vella; talvez esa ponte fose a *Ponte (das) Pías*, infraestrutura hoxe desaparecida pero que existiu, e da que non se pode determinar con exactitude a súa localización.

Nos textos antigos, atéstase este topónimo (en referencia a este lugar) no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (1845-1850).

Porqueira

Entidade de poboación adscrita á parroquia de Arzón, no sur do municipio negreirés. O topónimo dá nome a outros tres lugares galegos, amais de a un concello das terras da Limia e a dúas parroquias deste. A orixe etimolóxica deste nome de lugar hai que buscala na forma latina PORCĀRIA, tal e como sinalan Martínez Lema (2010: 276) na súa tese de doutoramento ou Cabeza Quiles (2008: 421). O vocábulo latino referido procede do latín PORCUS ‘porco’, en alusión ao mamífero omnívoro que se cría en moitas casas, ao que se lle engade un sufixo -ĀRIA, que é abundancial.

Porqueira debe indicar, logo, a abundancia de porcos, pero máis ben suponse que o topónimo se refire ao porco bravo ou xabaril, e non ao doméstico; de feito, no léxico común a palabra *porqueira* ten, entre outros significados, o de ‘lugar onde viven os xabarís’.

Sobre a presenza deste topónimo na documentación antiga, cítase no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850).

Portocamiño

Lugar da freguesía da Pena e topónimo único na nosa comunidade. Inda que non se achou ningún dato acerca deste nome de lugar dentro dos estudos e investigacións sobre toponimia consultados, pódese facer unha aproximación á posible natureza do topónimo.

Como noutros casos xa vistos anteriormente, en *Portocamiño* encontramos dous elementos compositivos, desta volta dous substantivos. O primeiro deles, *porto*, é palabra procedente do latín

PORTUS ‘porto’, en referencia ao lugar na costa ou na ribeira que está disposto para o atraque e a seguridade das naves; neste emprazamento, ao non haber nin río nin mar, debemos ter en conta outra das acepcións de *porto*, ‘punto xeográfico situado entre montañas, ou nun punto elevado dunha montaña, onde o paso resulta máis fácil, e tamén a construción dunha vía de comunicación’. O certo é que a aldea se sitúa na aba dos montes que levan o mesmo nome que a parroquia, e talvez na antigüidade fose máis xeitoso pasar por alí ca pola zona do monte, onde a pendente é moito maior.

A presenza do vocábulo *camiño* dentro deste topónimo, xunto coa conxuntura de que por alí discorre o que hoxe é o camiño que leva os peregrinos a Fisterra e a Muxía, e antes seguramente era vía de comunicación entre Santiago e Corcubión, fai que nos poidamos facer unha idea máis clara sobre a xénese do topónimo. O termo *camiño* procede dunha voz do latín vulgar, CAMMĪNUS, de orixe prerromana, pois debe vir dunha base KAMM- ‘andar’.

Así, o topónimo puido designar un porto polo que, en tempos pretéritos, pasaba un camiño de certa relevancia (como a vía de Santiago a Corcubión).

Na documentación antiga, cítase no Catastro de Ensenada (1753); Pascual Madoz refírese a unha aldea *Porto* (sen o elemento *-camiño*) dentro da parroquia da Pena, no seu dicionario xeográfico elaborado na década de 1840.

Portor

Aldea e parroquia situada na parte máis leste do termo municipal, lindando co río Tambre, e que constitúe un caso máis de topónimo maior único en Galicia.

A procedencia deste nome de lugar non está clara, e pódese optar por varias posibilidades. Así, é factible pensar que vén dun antropónimo latino *Portorius*, que recolle Kajanto (1982: 364) na súa compilación de nomes persoais latinos (polo tanto sería este un topónimo de posesor). Edelmiro Bascuas (2002: 125) indica que é posible que *Portor* proceda dun antigo **Villa Honorii*, do nome latino-cristián *Honorius*, polo que para el é tamén un topónimo de posesor; el mesmo sinala que no ano 1154 se recolle *Portu horii*, que viría indicar, para Cabeza Quiles (2000: 337), que por alí houbo un porto ou paso propiedade dun *Honorius*. Este último autor recolle do tomo de Toxos Outos a expresión *Portus Hodorii* (ano 1135), o que tamén nos pode facer pensar que o

antropónimo que se agocha tras este nome de lugar é *Hodorius*, de procedencia xermánica (Piel/Kremer 1976: 92), variante de *Odoario*, que contén unha base *od-* ‘riqueza, posesión’.

O topónimo *Portor* atéstase en textos antigos como os xa citados; en tempos máis contemporáneos, cítase tanto no Catastro de Ensenada (ano 1753) como no dicionario xeográfico elaborado por Pascual Madoz (1840-1845).

Quintenla

Localidade situada na parroquia de Bugallido, na zona norte do concello de Negreira. Este topónimo aparece con idéntica grafía outras tres veces máis no NG, e todas na parte occidental de Galicia, pois no occidente do territorio de dominio lingüístico do galego dáse «a consonantización da nasalidade xerada pola síncope do -n- etimolóxico latino» (Martínez Lema 2010: 283); no resto de Galicia a forma que predomina é o seu correlato *Quintela*.

Martínez Lema (2010: 283) trata este topónimo na súa tese de doutoramento, dentro do epígrafe que lle dedica a *Quintáns*. Na referencia sinalada, o autor indica que *Quintenla* procede da forma latina *QUINTANELLA*, e esta de *QUINTĀNA*, feminino do adxectivo *QUINTĀNUS*, que é derivado do numeral *QUĪNTUS*.

As hipóteses que tentan achegar sentido a este nome de lugar e a outros da súa familia (como *Quintáns*) son varias: ‘quinta parte dun terreo’ –sería unha medida de pago a un señor ou a un mosteiro–, ‘casa co seu espazo agrícola propio’ e ‘terra dedicada ao cultivo’. *Quintenla* é un diminutivo, e segundo Fernando Cabeza Quiles (2008: 609) «alude a unha casa con leiras ao seu redor de pequeno tamaño».

Nos textos antigos aparece rexistrado este topónimo no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850), inda que baixo a grafía *Quintela*.

Rapote, O

Entidade de poboación da freguesía de Broño. Este nome de lugar constitúe un caso máis de topónimo único en Galicia para nomear un espazo habitado. Non se recolle en ningún estudo ou traballo de entre a bibliografía manexada. No *Glosario de voces galegas de hoxe* de Constantino García aparece a voz *rapote* co significado de ‘bollo pequeno hecho con los restos de la masa’.

Polo visto en documentos antigos, o topónimo aparece referido no Catastro de Ensenada (1753) coa forma *Rapotes*, e tamén no dicionario xeográfico que elaborou Madoz na década de 1840, inda que neste último caso inclúe esta aldea na parroquia de San Fins de Brión, no veciño concello brionés, cando alí non hai ningunha entidade de poboación con este nome –nin sequera un topónimo parecido–. Amais, nun texto notarial do ano 1334 ligado ao mosteiro de Sobrado dos Monxes aparece *Rapote*, pero como apelido (faise referencia a un *Gonçaluo Rapote*).

Rebordáns

Lugar que pertence á parroquia de Portor, no extremo leste do termo municipal negreirés. *Rebordáns* é un topónimo relativamente frecuente en Galicia, inda que muda a súa grafía (*Rebordáns* e *Rebordaos*) segundo estea emprazado máis ao occidente ou ao oriente no territorio, porque a súa terminación, que procede do sufixo latino -ANOS, non evolucionou igual en todo o dominio lingüístico, senón que se xeraron as solucións -áns e -aos.

Así, Gonzalo Navaza (2006: 471) opina que *Rebordáns* constitúe en orixe un xentilicio que parte dun topónimo *Reboreda* ou *Reboredo*. Para obter *Rebordáns*, xuntáraselle a *Reboredo* ou *Reboreda* un sufixo -ANOS que forma o xentilicio. En *Rebordáns*, logo, deberon establecerse persoas procedentes dun lugar *Reboredo* ou *Reboreda*; hai lugares que levan ese nome en concellos próximos como Brión ou Compostela.

Polo que respecta a estes dous últimos topónimos sinalados, proceden dunha forma ROBORĒTO ou ROBORĒTA respectivamente, vocábulos que á súa vez derivan dun substantivo ROBORE ‘carballo’, forma pertencente ao paradigma de ROBUR, por medio dun sufixo -ETO, que é abundancial. ROBORE foi a palabra que, no latín, se empregou para designar á árbore que coñecemos como *carballo*; non obstante, para nomear esta árbore en galego utilizamos unha palabra de orixe prerromana, mentres que noutras linguas, caso do castelán, triunfou a solución latina. En Galicia esa solución latina só tivo éxito na toponimia (Navaza 2006: 467).

O topónimo *Rebordáns* aparece no dicionario de Pascual Madoz (elaborado na década de 1840).

Redemuíños

Aldea emprazada na parroquia de Broño, e nome de lugar tamén doutras catro localidades galegas e mais dunha freguesía.

Edelmiro Bascuas (2002: 159) é quen trata a posible orixe etimolóxica deste topónimo, do que di que é un composto transparente, pero inda así ofrece algunhas dúbidas acerca da súa interpretación. Así, para el este nome de lugar procede dos substantivos comúns *río* e *muíño*. Para a primeira palabra, suxire que neste topónimo *río* se reduciu a *re-*, e esta partícula se uniu a *muíño* ‘máquina ou instalación para moer, quebrantar, machucar, laminar etc.’ mediante a preposición *de*. O topónimo, segundo se infire de Bascuas, fai alusión a un río ou corrente fluvial con varios muíños.

Nos documentos antigos achamos que se cita este topónimo no Catastro de Ensenada (1753), con diversas grafías, e tamén no dicionario de Madoz (1845-1850), onde aparece como *Redemaiños*.

Reibó

Entidade de poboación que pertence á parroquia de Liñaió, preto do río Tambre. Topónimo que dá nome a tres lugares poboados máis de Galicia.

Para Edelmiro Bascuas (2002: 157), este é un nome de lugar transparente que procede de *Riuus bonus*, grafía medieval das palabras latinas *RIVUS* ‘río’ e *BONUS* ‘bo’. Para o caso que estamos a tratar aquí, en *Reibó* produciuse a redución de *Riuus* a *Re-*, segundo Bascuas. O significado do topónimo, logo, é claro: *Reibó* gaba as características dun río por algún motivo –abondoso en peixe, calmo, etc.

No Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Pascual Madoz (1845-1850) atéstase a existencia deste lugar.

Rioseco

Lugar da freguesía de Aro, situada máis ou menos na parte central do concello de Negreira. Para Edelmiro Bascuas (2002: 158) este é un caso máis de topónimo transparente, e xa sería, polo menos, a terceira mostra toponímica dentro do termo municipal negreirés en que o nome de lugar está formado pola palabra *río*, do latín *RIVUS*. Nesta ocasión, ao vocábulo *río* xuntóuselle un adxectivo, *seco* ‘falto de auga’, do adxectivo latino *SICCUS* ‘seco, sen humidade’. Polo tanto, o topónimo alude ao que puido ser o leito dun río ou dun regueiro e que logo secou, ou a algún curso de auga de calquera tipo que no verán queda seco.

No tocante á presenza deste topónimo na documentación antiga, aparece no dicionario xeográfico

compilado por Madoz (1845-1850): *Rio Seco*.

Romarís

Núcleo de poboación da parroquia de Arzón, que se sitúa cara ao recanto suroeste do espazo que cobre o concello. Do NG tiramos que en Galicia hai sete entidades poboadas máis que reciben este nome, e unha parroquia *Villarromarís* no municipio coruñés de Oroso.

A orixe etimolóxica deste topónimo hai que buscala, segundo sinalan autores como Piel e Kremer (1976: 231), nun nome persoal de orixe xermánica, *Romaricus* (neste caso *Romarís* procede do xenitivo, *Romarici*), que contén unha raíz ROM-, do gótico *HRÔM ‘fama’. Este é, entón, un topónimo de posesor, isto é, denota quen foi o antigo posuidor do lugar.

Cómpre aclarar que na nosa terra conviven os topónimos *Romarís* e *Romariz*, cuxa natureza é a mesma, pero o primeiro é o que triunfou en áreas de seseo e o segundo, no resto do territorio galego non seseante.

O topónimo rexístrase no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (século XIX); aparece tamén noutros documentos máis antigos (xa de finais do século XII, recollidos no tomo de Toxos Outos), pero non referíndose a este lugar da parroquia de Arzón, senón a outros *Romarís* non moi distantes.

Rons

Aldea da freguesía de Campelo, e topónimo maior único en Galicia. Unha vez máis, non houbo fortuna en encontra algún tipo de información ou pista que nos puidese levar a achegar algunha hipótese sobre a xénese deste topónimo, polo que non se poden ofrecer datos acerca da etimoloxía deste nome de lugar. O que si se pode recalcar é que a pronuncia local é [ˈrɔns], con *o* aberto.

O lugar aparece no Catastro de Ensenada (1753).

Saleiróns

Lugar que pertence á parroquia de Portor, na parte oriental do territorio negreirés. Sobre este topónimo tampouco se poden proporcionar referencias ou testemuños sobre a súa posible orixe, pois as diferentes buscas efectuadas na bibliografía que se consultou non deron ningún resultado.

Madoz (1845-1850) cita este topónimo, inda que coa grafía castelanizada: *Saleyrons*.

Salgueira, A

Entidade de poboación da parroquia de Xallas, contra o oeste do concello, e preto dos límites co veciño municipio de Outes. No NG danse outros cinco resultados máis de *A Salgueira*, e nove casos de *As Salgueiras*.

Este nome de lugar, segundo sinala Gonzalo Navaza (2006: 488), vén do latín *SALICARIA, o feminino de *SALICARIUS, un derivado do latín SALIX ‘salgueiro’ por medio do sufixo -ARIU, pois en galego o nome desta árbore que crece onde os ríos non procede directamente da forma latina –ao contrario do que acontece en castelán: SALICE (ablativo de SALIX) > *sauce*–, senón da solución derivada. Para Navaza, a forma feminina deste topónimo, inda estando en singular, puido ter en orixe significado colectivo.

Púidose comprobar que algunhas persoas oriúndas do concello negreirés se refiren a esta aldea como *As Salgueiras*, pero non se pode asegurar que esta última sexa a forma que se debe utilizar en detrimento da primeira, pois téñense sentido as dúas.

En textos ou documentos antigos non se encontrou ningunha referencia a esta localidade.

San Fins

Lugar da freguesía de Campelo. Este nome de lugar constitúe un haxiotopónimo, ou o que é o mesmo, un topónimo que deriva directamente dunha advocación relixiosa.

San Fins debe o seu nome a ese santo, que é patrón da parroquia. Segundo tiramos de Piel (1949: 315) houbo, cando menos, dous santos con este nome, un procedente de África e o outro de Xirona; neste caso, o topónimo ten que ver co santo xironés, pois a súa festividade é o primeiro de agosto e nese día hónrano nesta freguesía cunha festa. Canto á procedencia dese antropónimo, hai que buscala no latín FĒLIX ‘fecundo, fértil’, ‘feliz’ e tamén ‘favorito dos deuses’ (Ferro 1992: 273). A palabra *San* é un apócope da forma plena *santo*, que vén do latín SANCTU ‘santo’ ‘sagrado, inviolable, venerado’.

Na documentación antiga este topónimo non o rexistra Madoz no seu dicionario xeográfico elaborado na década de 1840.

San Martiño

Aldea da parroquia de Broño, na que se sitúa a igrexa parroquial, cuxo patrón, San Martiño, deu nome a este lugar. *Martiño* é un antropónimo que procede do cognome latino *Martinus* (Kajanto 1982: 212), que á súa vez é un derivado de *Mars*, o nome latino do deus Marte, principal protector do pobo romano. A orixe de *San* explícase na entrada dedicada a *San Fins*.

Achamos referencias a este lugar tanto no Catastro de Ensenada (1753) como no dicionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850).

San Pedro

Entidade de poboación da parroquia de Bugallido, en cuxos terreos se encontra a igrexa da parroquia, da que o santo que lle dá nome á aldea é patrón. O nome persoal *Pedro* é o resultado actual do antropónimo latino *Petrus*, un derivado de *PETRA* ‘pedra’; o significado de *Pedro/Petrus* é ‘firme coma a pedra’, ‘pedra’ (Ferro 1992: 425). Polo que respecta a *San*, véxase s.v. *San Fins*.

No Catastro de Ensenada (1753), e no dicionario de Madoz, publicado un século despois, faise referencia a esta entidade de poboación.

San Tomé

Lugar da parroquia de Alvite, na parte occidental do termo municipal negreirés, non moi lonxe dos lindeiros co concello de Mazaricos. Este é outro dos casos dentro da toponimia do concello en que un santo nomea o lugar. O antropónimo *Tomé* procede do latín *Thomas* (Piel 1950: 311), que á súa vez vén do grego; Ferro (1992: 505) indica que a terminación *-é* do galego vén posiblemente dun antigo xenitivo.

Madoz recolle este topónimo no seu dicionario xeográfico (1845-1850).

San Vincenzo

Entidade de poboación da freguesía de Aro, onde se sitúa o templo parroquial, cuxo patrón é o santo que dá nome a esta aldea. Para Joseph M. Piel (1949: 332), o antropónimo *Vincenzo* provén do latín *Vincens*, mentres que Iiro Kajanto (1982: 278) recolle o cognome *Vincentius*; pola súa banda, Ferro Ruibal et al. (1992: 522) consideran que procede dunha forma *Vincentium*, der. de *VINCENTEM*,

participio presente do verbo *VINCO* ‘vencer, gañar’. En todo caso, as tres propostas coinciden en que no fondo hai un nome persoal que debe ser derivado do verbo *VINCO*.

Entre a documentación antiga encontramos referencias a este núcleo de poboación polo menos desde o ano 1334, en que se cita nun testamento, e máis contemporaneamente no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (década de 1840), inda que a grafía con que aparece é *San Vicente*. Con respecto a isto último, na actualidade o nome que se emprega na zona para facer alusión a este lugar é, practicamente sempre, *San Vicente*, porén segundo o testemuño do 1334 a forma orixinal debía ser *Sam Vicenço*.

(Taberna Nova, A)

No NG rexístranse dúas entidades de poboación no territorio galego que levan por nome *A Taberna Nova*, e que se sitúan nos concellos de Abegondo e da Laracha. Porén, aquí no concello de Negreira tamén existe un espazo habitado que algúns –poucos– inda nomean así, mais outros xa non fan distinción entre esta aldea e a de Zas, pois co paso dos anos practicamente non quedou separación ningunha entre un e outro núcleo. A pesar de que este nome de lugar semella case desaparecido (que non haxa un letreiro indicativo favorece inda máis a súa perda, e máis cando o cartel que hai pon *Zas*), pareceu interesante cando menos citar a súa existencia, e ofrecer unhas liñas sobre a súa orixe etimolóxica.

Descoñecemos a motivación que puido levar a que ese espazo recibise ese nome; a súa orixe non é complexa: o substantivo *taberna* procede dunha voz latina *TABERNA* ‘choza, cabana’, ‘pousada, taberna’, mentres que o adxectivo que o modifica, *nova*, vén do tamén adxectivo latino *NOVUS* -A -UM ‘novo’.

O dicionario xeográfico de Pascual Madoz (editado entre 1845 e 1850) rexistra esta aldea, como pertencente á freguesía de Gonte, inda que hoxe en día os que viven por alí son considerados de Zas.

Tardeado

Lugar da parroquia de Xallas, e topónimo que constitúe un *unicum*.

Edelmiro Bascuas (2005: 279) é quen nos pon na liña correcta para identificar a etimoloxía de

Tardeado. No traballo referido sinala Bascuas que o topónimo que nos ocupa procede dun antropónimo latino *Tardenatus*, o cal, no seu devir até o galego actual, non seguiu os pasos esperables, porque o normal nos nomes de posesor é que procedan do xenitivo, e por tanto tería que ser *Tardeade*. Bascuas engade que o significado debe ser ‘nacido tarde’.

Non se atopou ningunha pegada deste topónimo nos textos antigos que se puideron manexar.

Trasbarcala

Entidade de poboación da parroquia de Broño, moi próxima ao linde co concello da Baña e tamén ao pé do río Barcala, que lle dá nome a toda a comarca.

Este topónimo, único en Galicia, é transparente na súa composición: un primeiro elemento *Tras-*, preposición con varios significados, entre os que está ‘de trás de, en situación posterior’, do latín *TRANS* ‘alén de, do outro lado de, para alá de’; pola outra parte está *Barcala*, que é o nome do río que flúe por estas terras e que vai morrer no Tambre. Este topónimo, que se acha tamén noutros puntos de Galicia, é segundo Gonzalo Navaza (2007: 75) de orixe prerromana.

O topónimo dá nome a un lugar que se sitúa por riba, do outro lado ou detrás do río Barcala, como así é, xa que a aldea de *Trasbarcala* está na ribeira dese río pero nunha posición elevada.

Sobre a presenza do topónimo na documentación antiga, atéstase no Catastro de Ensenada, do ano 1753, e tamén no dicionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850).

Trece

Aldea da parroquia de Liñaio, na parte sur do termo municipal. O topónimo dá nome tamén a unha entidade de poboación do veciño concello da Baña e a un lugar de Narón (*A Feira do Trece*).

Para intentar destapar a orixe deste nome de lugar preséntanse varias posibilidades. Así, para Fernando Cabeza Quiles (2000: 415) o topónimo ten unha relación directa co número *trece* (latín *TREDECIM*), e a motivación para darlle nome ao lugar sería que no día trece de cada mes se celebrase alí unha feira, tal e como seica ocorre no lugar do concello de Narón referido máis arriba; pero esta explicación non nos convence para o caso que estamos a tratar aquí, pois non se ten coñecemento de que na aldea de Trece situada en Liñaio se celebrase con regularidade un mercado ou feira.

Edelmiro Bascuas (2005: 255), pola súa parte, considera que este nome de lugar é un derivado da

raíz indoeuropea *TER- ‘refregar, fretar, atravesar’, neste caso do radical en grao cero *TRI-. Para el, o topónimo procede dunha forma base *TRICIA, variante flexiva de *TRICE, e engade que a forma actual, co final relaxado en *-e*, se confunde co numeral *trece* (Bascuas 2005: 327).

Esta localidade menciónase no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Pascual Madoz (1845-1850).

Triáns

Lugar situado na parroquia de Covas, no val do río Barcala e preto dos lindeiros co concello da Baña. Este é un topónimo maior único en Galicia.

Para coñecer a natureza deste nome de lugar recorreremos a Bascuas (2005: 346), quen sinala que este topónimo debe ter a mesma orixe ca outros parecidos, como *Triñáns* (localidade de Boiro). Na súa opinión, a orixe etimolóxica de *Triáns* hai que buscala quizais nun derivado do ordinal latino TRIDIUS, que evolucionou até a forma toponímica actual do seguinte xeito: «*Tridius*: **Tridianos* > **Triianos* > *Trianos* (con normal *-di-* > *-i-* > \emptyset) > *Trianes* (con la final relajada en *-es*) > *Triáns*» (Bascuas 2005: 347). Para Bascuas, o topónimo debe aludir a un xentilicio celta.

Unha posibilidade alternativa, ofrecida polo mesmo autor, indica que tamén se podería considerar un derivado do cognome latino *Trinius*, mais a hipótese anterior é remarcada como máis probable.

O topónimo atéstase no Catastro de Ensenada de 1753, como apelido, e no diccionario xeográfico de Pascual Madoz (1845-1850).

Tuñas

Aldea que pertence á parroquia de Aro, e que constitúe un *unicum*.

A orixe etimolóxica desta voz non é doada de fixar, pois son varias as posibilidades que ofrece Edelmiro Bascuas (2005: 120). O autor opina que a base deste topónimo debe ser *TUÑ-, proveniente dun radical TU- ao que se lle engade o sufixo *-no-*. Á súa vez, o radical TU- deriva da raíz hidronímica indoeuropea *TĀ- ‘derreter, fluír’. Tamén se podería pensar, segundo propón o mesmo investigador, que a base do topónimo pode estar na raíz *TEU- ‘incharse’; non obstante, para el parece máis fiable a primeira hipótese.

Bascuas relaciona este nome de lugar co de *Tuño*, nome dunha entidade de poboación do concello

ourensán de Ramirás, e considera que os dous teñen a mesma orixe e son hidrotopónimos, isto é, que están relacionados coa auga; a respecto disto, podemos confirmar que a carón do núcleo de Tuñas flúe un regueiro.

No tocante á súa presenza na documentación antiga, recollemos referencias a este nome de lugar no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario de Madoz (1845-1850).

Vilachán

Barrio da parroquia de Negreira, que inda mantén certo carácter diferencial co que se considera o centro da vila. É un topónimo moi frecuente na toponimia galega, que evoluciona de forma distinta (*Vilachán/Vilachá*) en coherencia coas isoglosas que determinan as solucións para certas palabras que proceden dunha terminación latina -ANA (Fernández Rei 1990: 63).

Trátase dun topónimo transparente composto por dous elementos: o primeiro deles, *vila-*, procede do substantivo latino *VILLA* ‘casa de campo, vila, propiedade rural, quinta, granxa’, ‘residencia lonxe da cidade’, abondosísimo nos nosos topónimos (e que en moitos deles se esvaeceu, como ocorreu en moitos topónimos de posesor, algúns vistos neste mesmo traballo); pola súa banda, *chan* é un adxectivo patrimonial, derivado do latín *PLĀNUM*, o acusativo de *PLĀNUS* -A -UM ‘chan, plano’, ‘chaira’.

Destes datos infírese que o topónimo dá nome a un lugar caracterizado pola ausencia de ondulacións no terreo, que no pasado puido acoller unha propiedade rural agrícola; o substantivo *vila* tamén pode facer referencia simplemente a un núcleo de poboación ou aldea (sinala Gonzalo Navaza en 2007: 69 que este novo uso aplícase a partir do primeiro milenio), e non exclusivamente a un lugar cunha casa principal e as súas construcións anexas, polo que o topónimo pode significar tamén algo aproximado a ‘aldea/lugar chan’.

Na documentación antiga achamos referencias a este núcleo de poboación no dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850); é mester subliñar que nesa obra faise unha distinción entre «*Vilachán de Abajo*» e «*Vilachán de Arriba*», unha diferenza que hoxe non se ten en conta, ou cando menos non se ten constancia de que así sexa.

Vilacova

Entidade de poboación que pertence á parroquia de Bugallido, na parte norte do concello e cerca

das estremas con Santa Comba e A Baña. Polo territorio galego hai polo menos outros nove lugares que levan este nome, alén dunhas cantas freguesías que tamén se chaman así.

A orixe do topónimo é transparente. O primeiro substantivo que o forma é *vila*, que, como xa se indicou máis arriba (s.v. *Vilachán*), provén da palabra latina *VILLA*; no tocante a *cova*, é un termo do léxico común con diferentes significados, dos cales o primitivo é ‘cavidade, natural ou artificial, feita no terreo’. A súa orixe está no latín vulgar **COVA* ‘oca’, feminino do adxectivo *COVUS*, derivado de *CAVUS* ‘oco, baleiro, escavado’.

Na toponimia debemos interpretar, segundo suxiren autores como Gonzalo Navaza (2007: 65), que os nomes de lugar que levan o vocábulo *cova* están emprazados en puntos baixos, profundos ou en caixas orográficas ou depresións, e non apenas en cavidades ou furnas, algo que tamén pode ser posible.

Atopamos alusións á existencia desta aldea no dicionario xeográfico compilado por Pascual Madoz.

Vilar, Vilar de Abaixo, Vilar de Arriba e Vilar, O

Agrupamos aquí estes catro topónimos referidos a outros tantos lugares de Negreira, por seren en esencia o mesmo nome de lugar (etimoloxicamente falando), modificado nalgún dos casos por un adverbio ou un substantivo.

Comezaremos por identificar a localización destes nomes de lugar: *Vilar*, entidade de poboación da freguesía de Aro; *Vilar de Abaixo* e *Vilar de Arriba*, lugares da parroquia de Campolongo; e *O Vilar*, núcleo situado na freguesía de Xallas. Estes catro topónimos coinciden en que están formados pola palabra *vilar*, un substantivo que na actualidade ten os significados de ‘aldea pequena’ e ‘casa de campo coas súas terras que conforman unha herdade. Quinta, lugar’. A orixe de *vilar* hai que busca nunha palabra do latín medieval, **VILLARE*, que segundo indica Gonzalo Navaza (2007: 70) deriva do latín *VILLA* (vid. s.v. *Vilachán*), e comezou a usarse arredor do século X cos significados que xa tiña antes *VILLA* (vivenda principal con construcións accesorias, típicas dunha explotación agrícola, xunto coas súas terras).

En dous casos achamos a forma simple como topónimo dentro do concello de Negreira, ou apoiada cun artigo: *Vilar* e *O Vilar*. Na freguesía de Campolongo encontramos *Vilar de Abaixo* e *Vilar de Arriba*, o primeiro situado nun punto que está a menor elevación ca o segundo, de aí que o vocábulo

vilar estea modificado polos adverbios *abaixo* e *arriba*.

Sobre a presenza destes topónimos na documentación antiga, Pascual Madoz rexistra no seu *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* (1845-1850) as aldeas de *Vilar* (Aro) e *O Vilar* (Xallas), inda que sen artigo nesta última, e na freguesía de Campolongo marca un único *Vilar*, sen facer distinción entre *Vilar de Abaixo* e *Vilar de Arriba*.

Con respecto á pronuncia local destes nomes de lugar, tamén podemos sinalar que no caso de *Vilar de Abaixo* dáse o fenómeno dialectal da despalatalización do [ʃ] (trazo explicado con máis detalle no apartado en que se comenta *As Ameixeiras*) na palabra *Abaixo*.

Vilar de Ordoeste

Lugar da freguesía de Liñaio. Este topónimo está formado por dous elementos: para a orixe do primeiro, *vilar*, véxase s.v. *Vilar*, *Vilar de Abaixo*, *Vilar de Arriba* e *Vilar*; *O*; en canto a *Ordoeste*, cómpre sinalar que no concello da Baña hai unha parroquia con esta denominación, para cuxa orixe etimolóxica propuxo Piel (1947: 303), con reservas, o antropónimo *Honestus*. Na mesma liña sinala que o que debe ser unha primeira parte deste nome de lugar podería ser *HORTUS* ‘horta, xardín’, pero non se atreve a afirmalo categoricamente.

Edelmiro Bascuas (2002: 133), nunha explicación que ofrece como dubidosa e provisoria, opina que ten un aspecto estraño e talvez estea formado por un composto **ORDOA(L)ISTE*. Ao final remata por asocialo cun tema hidronímico **OR-D*, derivado da raíz indoeuropea **ER* ‘moverse’, polo que a súa orixe sería prerromana.

Na documentación antiga Madoz recolle no seu dicionario (1845-1850) un *Vilar* na freguesía de Liñaio, que se debe corresponder con esta aldea.

No tocante á pronuncia de *Vilar de Ordoeste* moitos falantes locais denominan este lugar como [bi'lar ðos ðo'estes].

Vilaserío

Entidade de poboación que pertence á parroquia de Bugallido, na zona norte do concello. Segundo os resultados que proporciona o NG, non hai ningunha outra entidade de poboación en Galicia que reciba este nome, polo que estamos por ante un topónimo único.

A súa etimoloxía non se coñece, pois non foi estudada por ningún dos autores de entre os que se consultaron; non obstante, no tomo de Toxos Outos recóllese un testamento do ano 1220 en que se cita un lugar *Villa Sueyro*, que, segundo o editor dos documentos deste tomo, debe asociarse co que hoxe é *Vilaserio*.

Supomos, pois, e se esta afirmación está no certo, que este é un topónimo de posesor, que fai referencia a un lugar que, nalgún tempo, foi propiedade dun tal *Sueiro*, un antropónimo que, ao parecer, foi moi frecuente entre os séculos X e XII.

Na documentación antiga atopamos o topónimo no xa mencionado do tomo de Toxos Outos; en tempos posteriores cítalo Madoz no dicionario xeográfico que el elaborou (1845-1850).

Xallas de Abaixo

Lugar da freguesía de Xallas. O topónimo *Xallas* dáse en varios concellos do occidente da Coruña, e mesmo nomea unha comarca, formada polos municipios de Mazaricos e Santa Comba e atravesada por un río homónimo.

O nome de lugar *Xallas* foi estudado por varios autores, que ofreceron diferentes hipóteses acerca da súa posible etimoloxía. Así, Juan José Moralejo sinalou primeiro que talvez proceda dunha base hidronímica *SAL- (Moralejo Álvarez 2007: 110), prerromana; porén máis adiante corrixiuse, ao indicar que esa posibilidade quedaba descartada porque a forma medieval deste topónimo, *Ia(l)les*, non pode provir desa base.

A esta segunda opinión –ou corrección da primeira idea– apúntase Paulo Martínez Lema (2010: 383), quen sinala que *Xallas*, en galego medieval *Ialles*, non pode verse como un hidrónimo procedente da raíz *SAL-, entre outros motivos porque a denominación do actual río Xallas é bastante serodia, e o topónimo xerouse moito antes para dar nome a unha entidade de poboación (Martínez Lema considera que ese lugar “primitivo” é o *Xallas* da parroquia combesa de Castriz), e tamén porque é complicado desenvolver a partir desa raíz o topónimo, sobre todo por cuestións que afectan á fonética. Para el a hipótese máis razoable é a que vincula *Xallas* co indoeuropeo *EI- ‘ir’, unha raíz hidrotponímica no resto de Europa, e non deixa de insistir que, pese a que a raíz *EI- forxa hidrotponimos, o nome do río Xallas é inda recente (de se confirmar esta última teoría, *Xallas* como hidrotponimo terá que ver con outra corrente fluvial distinta).

Martínez Lema (2010: 386), a pesar de que parece decantarse pola idea precedente, inda recolle outra posibilidade máis, que é a que relaciona este nome de lugar cun radical indoeuropeo **IAM-/*IEM-* ‘escavar’, a partir do cal sería factible reconstruír un derivado **IA-L-IA* ‘escavación’, que pon en relación o topónimo coa riqueza mineral da zona en que os *Xallas* se concentran.

Malia a existencia de todas estas teorías, a día de hoxe non se rematou por fixar ningunha delas como probable substrato orixinario deste topónimo.

A segunda parte do nome de lugar non indica, neste caso, que este lugar estea nun punto máis baixo ou menos elevado ca un lugar **Xallas de Arriba*, porque este non existe, polo menos na actualidade. Quizais *Xallas de Abaixo* faga referencia simplemente á súa localización, por estar nun punto ao que se chega após descender unha costa –inda que isto depende do punto de orixe que teñamos– ou por situarse máis abaixo que o emprazamento en que está a igrexa parroquial.

Na documentación antiga atestamos rexistros de *Xallas* en textos recolleitos no tomo de Toxos Outos, como unha doazón do ano 1138; en épocas máis recentes cítase no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario xeográfico de Madoz (1845-1850).

Zas

Aldea e parroquia homónima, constituída por unha soa entidade de poboación, e situada preto da vila de Negreira. Do NG tiramos que *Zas* dá nome a outro lugar poboado, a tres parroquias (unha delas a negreiresa) e a un concello da provincia da Coruña.

Para intentar descubrir a posible orixe etimolóxica deste topónimo podemos recorrer ás propostas que fan diferentes investigadores. Así, para J. J. Moralejo Álvarez (2007: 111) ou Fernando Cabeza Quiles (2008: 177) *Zas* provén dunha base xermánica **SALAS* ‘casa, granxa, casarío, pazo, quinta’ que evocaría, para o último autor citado, complexos agropecuarios medievais.

Non obstante, Paulo Martínez Lema (2010: 394) desbota esta conxectura, argumentando que esa forma **SALAS* non é posible identificala cos resultados que se tiran dos textos medievais (*Saz, Sas*), e propón que o noso topónimo proveña dalgunha forma derivada do latín *SALIX* ‘salgueiro’, quizais a partir do acusativo *SALICE*. Cando menos, di, é cara ao que apuntan as formas que se achan en documentos da época medieval.

O feito de que apareza *Zas* con <z-> (cando se esperaría un <s->) debe ser, para o mesmo autor, ora

unha hipercorrección do seseo prenuclear da zona, ora produto dunha metátese dunha forma medieval *Saz* á actual *Zas*.

De entre os documentos antigos aos que se tivo acceso cítase *Zas* no Catastro de Ensenada (1753) e no dicionario xeográfico que elaborou Pascual Madoz na década de 1840.

Conclusións

Da elaboración deste estudo etimolóxico da toponimia maior do concello coruñés de Negreira tíranse un feixe de resultados e de resolucións que pasamos a mostrar aquí en parte e con concisión.

Inda que é algo que xa se sabía de antemán, confirmouse que este campo do léxico non se configurou de xeito arbitrario, senón que cada topónimo ten a súa motivación ou é produto dunhas causas concretas.

Viuse asemade que o labor de estudo da toponimia inda ten moito que dar de si, xa que, malia a existencia dun número relativamente salientable de traballos de investigación sobre os nosos topónimos (case todos os citados son obras de referencia), resta bastante traballo por facer. Alén dos estudos sobre a toponimia maior, na miña opinión o que esixe máis celeridade é, sen dúbida, a recollida da nosa microtoponimia, xa que é unha parte importante do noso léxico que está a piques de desaparecer en moitos lugares, pois as circunstancias favorecen a perda destes topónimos, que poden ser millóns. Non obstante, este é un traballo verdadeiramente arduo, que require unha infraestrutura grande e uns medios dos que na actualidade non se dispón.

Constátase que é fundamental asemade a consulta de documentación antiga, pois algunhas veces dá as claves para poder interpretar correctamente un topónimo.

Bibliografía citada

- Ares Vázquez, Nicandro (2011): *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Bascuas, Edelmiro (2002): “Estudios de hidronimia paleuropea gallega”. Anexo 51 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bascuas, Edelmiro (2005): *Hidronimia y léxico de origen paleuropeo en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Cabeza Quiles, Fernando (1992): *Os nomes de lugar*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Cabeza Quiles, Fernando (2000): *Os nomes da terra*. Noia: Editorial Toxosoutos.
- Cabeza Quiles, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- DCECH = Coromines, Joan / José Antonio Pascual (1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Ferreiro, Manuel (2001): *Gramática histórica galega*. Volume II: Lexicoloxía. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Ferro Ruibal, Xesús *et al.* (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- Hermo, Gonzalo (2013): “Toponimia maior da parroquia de Taragoña (Rianxo, O Barbanza). Estudo etimolóxico”, in *Estudos de lingüística galega 5*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 43-67.
- Kajanto, Iiro (1982): *The latin cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider Editore.
- Liñares Giraut, Xosé Amancio (1999): *Negreira. Guía turística*. Negreira: Concello de Negreira.
- Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. 16 vols. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Martínez Lema, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Editorial Toxosoutos.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- Moralejo Álvarez, Juan José (2007): *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2010): “Topónimos célticos en Galicia”, in *Palaeohispanica. Revista sobre lenguas y culturas de la Hispania Antigua* 10. Zaragoza: Instituto Fernando el Católico, 99-111.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2011): “Topónimos galaicos con final -oño”, in Luján, Eugenio / Juan Luis García Alonso: *A greek man in the Iberian street*. Austria: Innsbrucker Beiträge Zur Sprachwissenschaft, 257-265.
- Moralejo Laso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- Pena, Xosé Antonio (dir.) (2005): *Dicionario Século 21 da lingua galega*. Vigo: Edicións Galaxia / Edicións do Cumio.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2004): *Os documentos do tomo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Piel, Joseph Maria (1947): “Nomes de ‘possesores’ latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa”, in *Biblos* 23. Coimbra: Universidade, 143-202, 283-407.
- Piel, Joseph Maria (1949, 1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular”, in *Biblos* 25, 287-353, e *Biblos* 26, 281-314. Coimbra: Universidade.
- Piel, Joseph Maria / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Rivas, Elixio (1982): *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Recursos na internet

- Catastro de Ensenada = *Catastro de Ensenada* (1751-1753). Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes. <<http://pares.mcu.es/Catastro/>>
- CODOLGA = López Pereira, José Eduardo (1994-): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

<<http://corpus.cirp.es/codolga/index.html>>

DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. <<http://sli.uvigo.es/DdD>>

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2004): *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator>>

Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<http://www.academia.gal/diccionario>>

Regueira Fernández, Xosé Luís (dir.) (2010): *Diccionario de pronuncia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/pronuncia>>

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986-): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/TILG>>